-Utilización de diversas fontes de información para indagar sobre instrumentos, compositores/as, concertos e producións musicais en vivo e gravadas, tanto do patrimonio galego como da música occidental en xeral e doutras culturas.

-Recollida de información, valoración e exposición do feito musical e as súas opinións.

-Música actual: novas tendencias; concertos en directo.

#### **Bloque 4. Música e tecnoloxías**

-Utilización de dispositivos electrónicos, recursos da internet e software musical de distintas características para o adestramento auditivo, a escoita, a interpretación e a creación musical.

-Aplicación de técnicas de gravación analóxica e dixital, para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais.

-Utilización das tecnoloxías da información nos procesos de creación musical.

-Coñecemento e emprego das tecnoloxías da información na interpretación e gravación de pezas musicais.

-Emprego e coñecemento dos recursos necesarios para a conservación e a difusión das creacións musicais propias e alleas.

-O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e da comunicación. Valoración dos recursos tecnolóxicos como instrumentos para o coñecemento da música e a satisfacción con ela.

## **CONCRECIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E CRITERIOS PARA A SÚA AVALIACIÓN.**

### **Bloque 1. Interpretación e creación**

-Recoñecer os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada e aplicándoos a través da lectura ou a audición e a interpretación de pequenas obras ou fragmentos musicais.

-Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada.

-Recoñece e aplica os ritmos e os compases a través da lectura ou a audición de

pequenas obras ou fragmentos musicais.

-Identifica e transcribe ditados de patróns rítmicos e melódicos con formulacións sinxelas en estruturas binarias, ternarias e cuaternarias.

-Distinguir e utilizar os elementos da representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).

-Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan a intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).

-Improvisar e interpretar estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns.

-Improvisa e interpreta estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns.

-Utiliza os elementos e os recursos adquiridos para elaborar arranxos e crear cancións, pezas instrumentais e coreografías.

-Amosar interese polo desenvolvemento das capacidades e as habilidades técnicas como medio para as actividades de interpretación, aceptando e cumprindo as normas que rexen a interpretación en grupo e achegando ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.

-Amosa interese polo coñecemento e a aplicación de técnicas e as normas do coidado da voz, o corpo e os instrumentos.

-Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión da voz.

-Practica a relaxación, a respiración, a articulación, a resonancia e a entoación.

-Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarias nas actividades de interpretación adecuadas ao nivel.

-Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público.

-Amosar interese polas actividades de composición e improvisación, e respecto polas creacións dos seus compañeiros e das súas compañeiras e compañeiros.

-Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas previamente

establecidas.

-Amosa unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades, e respecta as capacidades e as formas de expresión dos seus compañeiros e das súas compañeiras.

-Participar activamente e con iniciativa persoal nas actividades de interpretación, asumindo diferentes papeis, intentando concertar a súa acción coa do resto do conxunto, achegando ideas musicais e contribuíndo ao perfeccionamento da tarefa en común.

-Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, adecuadas ao nivel.

-Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego.

-Amosa apertura e respecto cara ás propostas do profesorado e dos compañeiros e as compañeiras.

-Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao/á director/a e a outros/as intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, amosando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do seu grupo.

-Participa activamente en agrupacións vocais e instrumentais, colaborando con actitudes de mellora e compromiso e amosando unha actitude aberta e respectuosa.

## **Bloque 2. escoita**

-Identificar e describir os instrumentos e as voces, e as súas agrupacións.

-Diferenza as sonoridades dos instrumentos da orquestra, así como a súa forma e os diferentes tipos de voces.

-Diferenza as sonoridades dos instrumentos máis característicos da música popular moderna, do folclore e doutras agrupacións musicais.

-Seguir distintos tipos de partituras no contexto das actividades musicais da aula como apoio ás tarefas de audición.

-Sigue partituras como apoio á audición.

-Valorar o silencio como condición previa para participar nas audicións.

-Valora e aplica o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición.

-Identificar e describir, mediante o uso de distintas linguaxes (gráfica, corporal ou verbal), elementos e formas de organización e estruturación musical (ritmo, melodía, textura, timbre, repetición, imitación, variación) dunha obra musical interpretada in vivo ou gravada.

-Describe os elementos das obras musicais propostas.

-Utiliza de xeito guiado recursos como apoio á análise musical.

-Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de forma oral e escrita, con rigor e claridade.

-Identificar situacións do ámbito cotián nas que se produce un uso indiscriminado do son, analizar as súas causas e propor solucións.

-Toma conciencia da contribución da música á calidade da experiencia humana, amosando unha actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música.

-Elabora traballos de indagación sobre a contaminación acústica.

### **Bloque 3. Contextos musicais e culturais**

-Realizar exercicios que reflictan a relación da música con outras disciplinas

-Recoñece, crea e interpreta distintas manifestacións da danza.

-Distingue as diversas funcións que cumpre a música na nosa sociedade.

-Demostrar interese polas músicas de distintas características, épocas e culturas, e por ampliar e diversificar as propias preferencias musicais, adoptando unha actitude aberta e respectuosa.

-Amosa interese por coñecer os xéneros musicais e as súas funcións expresivas, gozando deles como oínte con capacidade selectiva.

-Apreciar a importancia do patrimonio cultural musical español e galego, e comprender o valor de conservalo e transmitilo.

-Valora e respecta a importancia do patrimonio musical español e galego

-Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español e galego.

-Coñece e describe os instrumentos tradicionais españois e galegos.

-Contribúe á conservación, a recuperación e a transmisión do patrimonio musical galego, colaborando na recollida, na gravación e na transcrición de pezas.

-Valorar a asimilación e o emprego dalgúns conceptos musicais básicos necesarios á hora de emitir xuízos de valor ou "falar de música".

-Emprega un vocabulario adecuado para describir percepcións e coñecementos musicais

-Comunica coñecementos, xuízos e opinións musicais de xeito oral e escrito, con rigor e claridade.

-Amosar interese e actitude crítica pola música actual, os musicais, os concertos en vivo e as novas propostas musicais, valorando os seus elementos creativos e innovadores.

-Utiliza diversas fontes de información de xeito guiado para indagar sobre novas tendencias, representantes, grupos de música popular, etc., e realiza unha revisión crítica desas producións.

-Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias.

#### **Bloque 4. Música e tecnoloxías**

-Utilizar recursos tecnolóxicos dispoñibles para gravar e reproducir música.

-Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e utilízalas como ferramentas para a actividade musical.

-Participa na produción musical demostrando o uso adecuado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías.

-Utilizar de xeito funcional os recursos informáticos dispoñibles para a aprendizaxe e a indagación do feito musical.

-Utiliza de xeito guiado as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical.



## - CONCRECIÓN DE ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES E GRAO MÍNIMO PARA SUPERAR A MATERIA

### 1.- BLOQUE INTERPRETACIÓN E CREACIÓN

#### **Criterio de avaliación:**

*Recoñecer os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, utilizando unha linguaxe técnica apropiada e aplicándoos a través da lectura ou a audición e a interpretación de pequenas obras ou fragmentos musicais.*

<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>BAIXO (MÍNIMO)</b>	<b>MEDIO</b>	<b>ALTO</b>	<b>Compet básicas</b>
Recoñece os parámetros do son e os elementos básicos da linguaxe musical, empregando unha linguaxe técnica apropiada.	Coñece a linguaxe que cualifica os parámetros do son, pero aplica de <b>xeito guiado</b> a linguaxe técnica básica.	Coñece a linguaxe que cualifica os parámetros do son, pero aplica de xeito <b>autónomo</b> a linguaxe técnica básica.	Coñece e recoñece claramente os parámetros do son e <b>emprega</b> a linguaxe técnica básica	CCL CCEC
Recoñece e aplica os ritmos e os compases a través da lectura ou a audición de pequenas obras ou fragmentos musicais.	Segue e le partituras de audicións sinxelas dun feito pouco autónomo	Segue e le partituras de audicións máis complexas de xeito autónomo	Segue e le partituras para instrumentos harmónicos e música coral e instrumental	CCEC CMCCT
Identifica e transcribe ditados de patróns rítmicos e melódicos con plantexamentos sinxelos en estruturas binarias, ternarias e cuaternarias.	Recoñece e selecciona os patróns rítmicos a partires de opcións dadas.	Recoñece e transcribe ditados pero recoñece os melódicos entre opcións dadas.	Recoñece e transcribe ditados rítmicos e melódicos.	CAA CMCCT

#### **Criterio de avaliación:**

*Distinguir e utilizar os elementos da representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan á intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).*

<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>BAIXO (MÍNIMO)</b>	<b>MEDIO</b>	<b>ALTO</b>	<b>Compet básicas</b>
Distingue e emprega os elementos que se utilizan na representación gráfica da música (colocación das notas no pentagrama; clave de sol e de fa en cuarta; duración das figuras; signos que afectan á intensidade e matices; indicacións rítmicas e de tempo, etc.).	Recoñece <b>con axuda</b> de elementos de representación musical. Mellor ritmo que melodía. Recoñece os signos de intensidade e sabe cales son as indicacións de movemento.	Recoñece autonomamente os elementos de representación musical. Recoñece os signos de intensidade e sabe cales son as indicacións de movemento	Le partituras axeitadas ao nivel integrando os elementos da representación musical.	CAA CMCCT

**Criterio de avaliación:**

*Improvisar e interpretar estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns.*

<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>BAIXO (MÍNIMO)</b>	<b>MEDIO</b>	<b>ALTO</b>	<b>Compet básicas</b>
Improvisa e interpreta estruturas musicais elementais construídas sobre os modos e as escalas máis sinxelas e os ritmos máis comúns.	Interpreta a primeira voz de pezas musicais sinxelas e improvisa de xeito pouco reflexivo e sen precisión na pulsación.	Interpreta as voces medianamente complicadas dunha peza polifónica e improvisa reflexivamente cunha musicalidade pouco expresiva.	Interpreta las voces más complicadas de una pieza polifónica e improvisa reflexivamente con una musicalidade expresiva.	CAA CSIEE
Utiliza os elementos e os recursos adquiridos para elaborar arreglos e crear cancións, pezas instrumentais e coreografías.	Compón e confecciona arranxos e coreografías nun grupo	Compón e confecciona arranxos e coreografías en un grupo. Individualmente compón cunha expresividade limitada.	Compón e confecciona arranxos e coreografías autonomamente e con dedicación. Colabora en mellorar os traballos dos compañeiros que teñen máis dificultades.	CAA CSIEE

**Criterio de avaliación:**

*Analizar e comprender o concepto de textura e recoñecer, a través da audición e a lectura de partituras, os tipos de textura*

<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>BAIXO (MÍNIMO)</b>	<b>MEDIO</b>	<b>ALTO</b>	<b>Compet básicas</b>
Recoñece, comprende e analiza diferentes tipos de textura.	Cofece as texturas e identifica se son monódicas ou polifónicas.	Identifica as texturas monódicas e poifónicas homófonas ou contrapuntísticas.	Comprende a esencia do concepto textura e a importancia da textura na composición musical. Recoñece as texturas.	CCEC CSIEE

**Criterio de avaliación:**

*Cofecer os principios básicos dos procedementos compositivos e as formas de organización musical.*

<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>BAIXO (MÍNIMO)</b>	<b>MEDIO</b>	<b>ALTO</b>	<b>Compet básicas</b>
Comprende e identifica os conceptos e termos básicos relacionados cos procedementos compositivos e os tipos formais.	Cofece teoricamente as estruturas musicais e é quen de distinguir os cambios de tema e as repeticións cando son moi contrastados. Segue os musicogramas con axuda.	Cofece os principios teóricos da estrutura musical e distingue con bastante claridade os cambios de tema e as repeticións. Segue os musicogramas con autonomía.	Comprende a necesidade da estruturación musical e identifica os cambios nunha estrutura. Pode confeccionar musicogramas propios.	CCEC CSIEE CMCCT

**Criterio de avaliación:**

*Amosar interese polo desenvolvemento das capacidades e habilidades técnicas como medio para as actividades de interpretación, aceptando e cumprindo as mesmas que rexen*

*a interpretación en grupo e aportando ideas musicais que contribúan ao perfeccionamento da tarefa común.*

<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>BAIXO (MÍNIMO)</b>	<b>MEDIO</b>	<b>ALTO</b>	<b>Compet básicas</b>
Amosa interese polo coñecemento e coidado da voz, o corpo, e os instrumentos.	Coñece os principios de coidado da voz, o corpo e dos instrumentos, pero aplícaos só con guía.	Coida a voz, o corpo e dos instrumentos, pero só en clase	Aplica nas diferentes instancias da vida os coñecementos adquiridos sobre coidado de voz, corpo e instrumentos.	CIMF CSC
Canta pezas vocais propostas aplicando técnicas que permitan unha correcta emisión de voz.	Aplica a técnica vocal cando o profesor dá as consignas exactas para cada situación.	Aplica a técnica vocal semiautomáticamente, pero necesita pautas para cada dificultade concreta.	Aplica a técnica vocal semiautomáticamente, pero necesita pautas para cada dificultade concreta	CIMF CAA
Practica a relaxación, respiración, articulación, resoancia e entonación.	Canta de modo pouco reflexivo	Canta intentando ser reflexivo, pero necesita guía do profesor para cada aspecto.	Canta de modo reflexivo, aplicando as técnicas aprendidas.	CIMF CAA
Adquire e aplica as habilidades técnicas e interpretativas necesarios nas actividades de interpretación.	Integra lentamente as habilidades técnicas necesitando de guía nos primeiros estádios da aprendizaxe de cada obra.	Aplicase en mellorar as súas habilidades interpretativas, pero o resultado é pouco musical.	Interpreta aplicando todas as técnicas e habilidades desenvolvidas. Busca musicalidade na interpretación.	CIMF CAA
Coñece e pon en práctica as técnicas de control de emocións á hora de mellorar os seus resultados na exposición ante un público.	Amosa intranquilidade e unha concentración irregular.	Amosa tranquilidade e unha concentración algo irregular.	Está controlado emocionalmente e concentrado para poder interpretar con corrección e musicalidade.	CIMF CSC

**Criterio de avaliación:**

*Demostrar interese por las actividades de composición e improvisación y mostrar respeto por las creaciones de sus compañeros*

<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>BAIXO (MÍNIMO)</b>	<b>MEDIO</b>	<b>ALTO</b>	<b>Compet básicas</b>
Realiza improvisacións e composicións partindo de pautas establecidas previamente.	Improvisa e compón coa axuda do grupo	Improvisa e compón en grupo e individualmente aportando ideas pouco musicais	Improvisa e compón con musicalidade seguindo a pulsación, a coherencia e as estruturas	CAA CSIEE CCEC
Demostra unha actitude de superación e mellora das súas posibilidades e respecta as distintas capacidades e formas de expresión dos seus compañeiros	É quen de tentar compoñer, pero cánsase pronto. Necesita apoio do grupo. Cóstalle respectar aos seus compañeiros.	Trata de compoñer autónomamente mellorando as súas posibilidades. Respecta e valora a expresividade dos seus compañeiros.	Recoñece e supera as súas dificultades expresivas, respecta as dos seus compañeiros e axuda a que eles se superen.	CAA CSIEE CSC

**Criterio de avaliación:**

*Participar activamente e con iniciativa persoal nas actividades de interpretación, asumindo distintos papeis, intentando concertar a súa acción coa do resto do conxunto, aportando*

*ideas musicais e contribuíndo ao perfeccionamento da tarefa común.*

<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>BAIXO (MÍNIMO)</b>	<b>MEDIO</b>	<b>ALTO</b>	<b>Compet básicas</b>
Practica interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas de diferentes xéneros, estilos e culturas, aprendidas por imitación e a través da lectura de partituras con diversas formas de notación, axeitadas ao nivel.	Interpreta con dificultade a través da lectura con notación adaptada: semipartituras e partituras de notación sinxela Canta por imitación ou con partituras moi simples Danza por imitación e con dificultades de pulsación e para seguir e memorizar as coreografías.	Interpreta con corrección a través da lectura con notación adaptada: semipartituras e partituras de notación sinxela. Canta por imitación ou con partituras moi simples. Danza por imitación e sen dificultades de pulsación e para seguir e memorizar as coreografías.	Interpreta con corrección e musicalidade a través da lectura. Canta con partituras adaptadas ao nivel. Danza sen dificultades de pulsación e memorizando as coreografías.	CCL CCEC CAA
Practica interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español.	ídem	ídem	ídem	CCEC CAA
Amosa apertura e respecto cara as propostas do profesor e dos compañeiros	Amosa unha actitude de baixa motivación, pero respecta as propostas	Amosa unha actitude de motivación, respecta as propostas pero non aporta creativamente.	Amosa unha actitude de alta motivación, respecta as propostas e fai aportacións creativas.	CSC CAA
Practica as pautas básicas da interpretación: silencio, atención ao director e aos outros intérpretes, audición interior, memoria e adecuación ao conxunto, mostrando espírito crítico ante a súa propia interpretación e a do grupo.	Interpreta con pouca reflexión, amosa unha atención dispersa ás pautas de traballo i é pouco crítico.	Interpreta con reflexión, amosa atención ás pautas de traballo i é pouco crítico	Amosa moito interese por seguir as pautas de traballo i é crítico.	CSC CAA
Participa de xeito activo en agrupacións vocais e instrumentais, colabora con actitudes de mellora e compromiso e amosa unha actitude aberta e respectuosa.	Participa activamente na aula, pero con baixo compromiso no seu traballo autónomo e con actitude medianamente respectuosa.	Participa activamente na aula, mellora co seu traballo autónomo e amosa actitude respectuosa.	Participa activamente na aula, axudando aos seus compañeiros con menos aptitudes e motivación. Mellora co seu traballo autónomo e amosa actitude moi respectuosa.	

**Criterio de avaliación:**

*Explorar as posibilidades de distintas fontes e obxectos sonoros*

<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>BAIXO (MÍNIMO)</b>	<b>MEDIO</b>	<b>ALTO</b>	<b>Compet básicas</b>
Amosa interese polas paisaxes sonoras que nos rodean e reflexiona sobre os mesmos	Necesita pautas concretas que guíen a súa reflexión e abran o interese polas paisaxes que nos rodean.	Amosa interese polas paisaxes sonoras, pero con pouca reflexión.	Está moi interesado/a no mundo sonoro e colabora coas súas reflexións	CCEC CIMF
Investiga de xeito creativo as posibilidades sonoras e musicais dos	Investiga con axuda do grupo e guía do profesor	Amosa certa curiosidade polas posibilidades sonoras dos obxectos.	Amosa moita curiosidade polas posibilidades sonoras dos obxectos.	CIMF CAA

obxectos		Fai algunha aportación	Fai aportacións creativas ao conxunto do alumnado	
----------	--	------------------------	---	--

## 2.- BLOQUE ESCOITA

### **Criterio de avaliación:**

*Identificar e describir os instrumentos, voces e as súas agrupacións*

<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>BAIXO (MÍNIMO)</b>	<b>MEDIO</b>	<b>ALTO</b>	<b>Compet básicas</b>
Diferenza as sonoridades dos instrumentos da orquestra, así como a á forma e os diferentes tipos de voces.	Diferenza as familias orquestrais, pero presenta confusión entre instrumentos de forma e timbres semellantes. Diferenza voces masculinas e femininas.	Identifica visualmente todos os instrumentos, pero confunde a clasificación. Diferenza tesituras das dúas voces femininas por comparación.	Distingue con claridade os instrumentos polas súas formas e timbres. Diferenza voces masculinas e femininas. Distingue o tipo de voz dos solistas.	CCEC
Diferenza as sonoridades dos instrumentos máis característicos da música popular moderna, do folclore e doutras agrupacións musicais.	Diferenza as agrupacións pero ten dificultades para memorizar o nome dos instrumentos.	Diferenza as agrupacións máis habituais. Confúndese coas menos habituais.	Identifica os instrumentos e as agrupacións pola súa sonoridade individual e conxunta.	CCEC
Explora e descubre as posibilidades da voz e os instrumentos e a súa evolución ao longo da historia da música	Amosa pouco interese por explorar as posibilidades da voz e dos instrumentos.	Interésase pola evolución da voz e dos instrumentos ao longo da historia pero ten poucos referentes culturais.	Coñece a evolución da voz e os instrumentos ao longo da historia e sèrvese dela para comentar as audicións.	CCEC

### **Criterio de avaliación:**

*Ler distintos tipos de partituras no contexto das actividades musicais da aula como apoio ás tarefas de audición*

<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>BAIXO (MÍNIMO)</b>	<b>MEDIO</b>	<b>ALTO</b>	<b>Compet básicas</b>
Le partituras como apoio ás audicións.	Segue partituras de audicións, pero non as le. Guíase pola forma da notación rítmica ou da liña melódica.	Segue a partitura polo ritmo e pola forma da liña melódica. Pode lela se a notación é simple.	Le a partitura da audición i é quen de seguir a das voces internas. Segue partituras complexas de orquestra e de instrumentos harmónicos.	CMCCT CSIEE

### **Criterio de avaliación:**

*Valorar o silencio como condición previa para participar nas audicións*

<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>BAIXO (MÍNIMO)</b>	<b>MEDIO</b>	<b>ALTO</b>	<b>Compet básicas</b>

Valora o silencio como elemento indispensable para a interpretación e a audición.	Garda silencio cando é avisado reiteradamente. Valórao pouco por propia iniciativa.	Valora o silencio, pero non o mantén se ten unha dúbida, e pregunta a un compañeiro, de tal xeito que interrompe a concentración na aula.	A súa actitude é de respecto total ao silencio e colabora co profesor para mantelo.	CSC
---	---	---	---	-----

**Criterio de avaliación:**

*Recoñecer auditivamente e determinar a época ou cultura á que pertencen distintas obras musicais interesándose por ampliar as súas preferencias*

<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>BAIXO (MÍNIMO)</b>	<b>MEDIO</b>	<b>ALTO</b>	<b>Compet básicas</b>
Amosa interese polo atractivo musical, o seu impacto emocional e sensorial. Valora pouco o feito da evolución musical	Amosa interese por coñecer músicas de outras épocas e culturas.	Amosa interese por recoñecer a música dos diferentes períodos, pero fáltanlle moitas referencias históricas que lle axuden a identificalos. Interésase pola música doutras culturas.	Amosa moito interese por coñecer músicas dos distintos períodos históricos e culturas diversas. Isto permítelle relacionar os coñecementos adquiridos e abrir as súas posibilidades de pracer pola música en xeral.	CCEC
Recoñece e sabe situar no espazo e tempo músicas de diferentes culturas.	Recoñece e sitúa as composicións máis arquetípicas de cada época e lugar.	Coñece elementos que o guían para recoñecer as composicións dun período ou dun lugar.	Ten moi claros os elementos de análise e de contexto histórico que lle permiten situar cada obra. Tamén sitúa a música nos lugares xeográficos de cada cultura.	CCEC

**Criterio de avaliación:**

*Identificar e describir, mediante o uso de distintas linguaxes (gráfico, corporal ou verbal), algúns elementos e formas de organización e estruturación musical (ritmo, melodía, textura, timbre, repetición, imitación, variación) dunha obra interpretada en directo ou gravada*

<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>BAIXO (MÍNIMO)</b>	<b>MEDIO</b>	<b>ALTO</b>	<b>Compet básicas</b>
Describe os elementos das obras Musicais propostas.	Necesita guía para recoñecer os elementos da música e do contexto.	Recoñece autonomamente os elementos da música que están presentes nun modelo de análise.	Sabe priorizar os elementos da música máis relevantes para a súa análise.	CMCCT CAA
Utiliza con autonomía diversos recursos como apoio á análise musical.	Necesita guía para seguir o modelo de análise.	Con unha guía como modelo pode analizar unha obra musical.	Ten os elementos de análise interiorizados para poder describir unha obra con elementos musicais.	CAA CCEC
Emprega conceptos musicais para comunicar coñecementos, xuízos e opinións musicais de	Sabe contestar preguntas sobre conceptos musicais, pero non os extrapola	Pode elaborar un escrito razoado coa terminoloxía musical.	Comunica coñecementos musicais empregando a terminoloxía axeitada e	CCL CCEC

forma oral i escrita con rigor e claridade	para poder elaborar unha crítica musical.		coa reflexión que lle permite emitir xuízos.	
--	---	--	--	--

**Criterio de avaliación:**

*Identificar situacións do ámbito cotián nas que se produce un uso indiscriminado do son, analizando as súas causas e poñendo solucións*

<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>BAIXO (MÍNIMO)</b>	<b>MEDIO</b>	<b>ALTO</b>	<b>Compet básicas</b>
2.6.1. Toma conciencia da contribución da música á calidade da experiencia humana, amosando unha actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música	É consciente da importancia da música para o ser humano, pero só considerando a súa propia experiencia. Cústalle ser crítico co consumo abusivo.	Recoñece a importancia da música e cómo impacta nas emocións. Amosa unha actitude crítica co consumo da música, pero en casos de extremo abuso	Valora o poder da influencia da música no ser humano ao longo da historia i é sensible ao seu uso indiscriminado como contraproducente para os sentidos e para a saúde mental.	CSC CCEC
2.6.2. Elabora traballos de indagación sobre a contaminación acústica.	Elabora traballos concretos sobre datos de contaminación acústica.	Recolle datos de contaminación acústica i emite xuízos críticos.	Recolle, compara cifras i emite hipóteses relacionadas coa contaminación acústica.	CSC CSIEE

**3.- BLOQUE CONTEXTOS MUSICAIS E CULTURAIS**

**Criterio de avaliación:**

*Realizar exercicios que reflicten a relación da música con outras disciplinas*

<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>BAIXO (MÍNIMO)</b>	<b>MEDIO</b>	<b>ALTO</b>	<b>Competencias básicas</b>
Expresa contidos musicais e relacións con períodos da historia da música e con outras disciplinas.	Contesta cuestionarios sobre períodos históricos relacionando música e sociedade. Coñece que aspectos da música están relacionados coas outras disciplinas do saber	Explica as características musicais dos diferentes períodos coa linguaxe apropiada. Relaciona os coñecementos das disciplinas cos contidos musicais.	Compara as características musicais dos distintos períodos relacionándoos cos feitos máis significativos. Explica os aspectos da evolución das artes, a ciencia e a tecnoloxía relacionados coa música.	CCEC
Recoñece distintas manifestacións da danza	Diferencia entre danza clásica e danza moderna.	Compara diferentes períodos da historia da danza e relacións coa sociedade da época.	Analiza a evolución da danza comparándoa coa evolución da sociedade e dos gustos musicais e artísticos.	CCEC
Distingue as diversas funcións que cumpre a música na nosa sociedade.	Distingue a música funcional da música composta só para o pracer artístico sensorial.	Explica o poder da música para influir nas emocións e o seu uso na sociedade.	Compara varios usos da música e as funcións que desempeñan. Comprende a necesidade da música de circunstancia e relación coas necesidades do poder de cada momento histórico	CCEC CSC

**Criterio de avaliación:**

*Demostrar interese por coñecer músicas de distintas características, épocas e culturas, e por ampliar e diversificar as propias preferencias musicais, adoptando unha actitude aberta e respectuosa*

<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>BAIXO (MÍNIMO)</b>	<b>MEDIO</b>	<b>ALTO</b>	<b>Compet básicas</b>
Amosa interese por coñecer os xéneros musicais e as súas funcións expresivas, e desfruta deles como oíente con capacidade selectiva.	Completa cuestionarios sobre as divisións de xéneros musicais, basicamente os xéneros relacionados coa imaxen.	Coñece a división de xéneros e aplícaos na análise musical. Desfruta da audición e diferenciación dos xéneros e estilos máis populares.	Distingue o xénero dunha audición e explica a súa función. Desfruta da audición e do pracer intelectual da diferenciación dos xéneros.	CCEC
Amosa interese por coñecer música de diferentes épocas e culturas como fonte de enriquecemento cultural e goce persoal.	A través da interpretación e da audición familiarízase coa música histórica. Aprécia sensorialmente.	A través da interpretación e da audición familiarízase coa música histórica. Aprécia sensorialmente e aprecia escoitar as composicións máis emblemáticas como enriquecemento cultural.	Amosa pracer sensorial ao escoitar a beleza da música independentemente do período histórico no que foi composta e valora racionalmente o enriquecemento cultural que supón. Relaciona a arte da música coas artes plásticas e escénicas.	CCEC

**Criterio de avaliación:**

*Relacionar as cuestións técnicas aprendidas coas características dos períodos da historia musical*

<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>BAIXO (MÍNIMO)</b>	<b>MEDIO</b>	<b>ALTO</b>	<b>Compet básicas</b>
Relaciona as cuestións técnicas aprendidas e vencéllaas cos períodos da historia da música correspondentes.	Relaciona os períodos da música coas súas características técnicas máis definitorias e determinantes.	Coñece as características musicais das diferentes épocas e culturas e pode explicalas.	Valora o uso dos elementos da música en cada período, compáraos e chega a conclusións argumentadas e reflexionadas.	CCEC CAA

**Criterio de avaliación:**

*Distinguir os grandes períodos da historia da música*

<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>BAIXO (MÍNIMO)</b>	<b>MEDIO</b>	<b>ALTO</b>	<b>Compet básicas</b>
Distingue os períodos da historia da música e as tendencias musicais	Coñece a sucesión dos períodos e as características musicais máis relevantes	Coñece os usos dos elementos da música en cada período e utilízalos para distinguilos nas audicións	Distingue a música dos períodos pola análise dos elementos da música e distíngueos e relaciónaos nunha audición	CCEC
Examina a relación entre	Coñece os feitos clave	Coñece os feitos clave	Relaciona todos os	



os acontecementos históricos, o desenvolvemento tecnolóxico e a música na sociedade.	de cada período histórico, as características da sociedade e os avances tecnolóxicos relacionados coa música. Examina a relación entre eles dun xeito guiado.	de cada período histórico e os avances tecnolóxicos relacionados coa música. Examina autonomamente e relaciónaos coa sociedade da época.	coñecementos adquiridos para comprender i explicar a estreita relación entre a historia asociada á evolución da tecnoloxía e a presenza, usos e funcións da música nunha determinada sociedade	CCEC CD
--	---	--	--	------------

**Criterio de avaliación:**

*Apreciar a importancia do patrimonio cultural español e comprender o valor de conservalo e transmitilo.*

<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>BAIXO (MÍNIMO)</b>	<b>MEDIO</b>	<b>ALTO</b>	<b>Compet básicas</b>
Valora a importancia do patrimonio español e galego.	Coñece os compositores españois máis relevantes.	Relaciona os compositores españois máis relevantes coa súa música e coas características da sociedade do seu momento.	Coñece e compara a traxectoria dos compositores españois máis relevantes coas tendencias musicais europeas.	CCEC
Practica, interpreta e memoriza pezas vocais, instrumentais e danzas do patrimonio español.	Interpreta con dificultade a través da lectura con notación adaptada: semipartituras e partituras de notación simple. Canta por imitación ou con partituras moi simples. Danza por imitación e con dificultades de pulsación e para seguir e memorizar as coreografías.	Interpreta con corrección a través da lectura con notación adaptada: semipartituras e partituras de notación simple. Canta por imitación ou con partituras moi simples. Danza por imitación e sen dificultades de pulsación e memorizando as coreografías.	Interpreta con corrección e musicalidade a través da lectura. Canta con partituras adaptadas ao nivel. Danza sen dificultades de pulsación e memorizando as coreografías.	CCEC CMCCT CAA
Coñece os instrumentos tradicionais.	Identifica a familia orquestral dos instrumentos máis usados.	Identifica os instrumentos máis empregados no folclore.	Coñece e amplía a información sobre os instrumentos, a súa construción e o seu uso social.	CCEC

**Criterio de avaliación:**

*Valorar a asimilación e o emprego dalgúns conceptos musicais básicos necesarios ao emitir xuízos de valor*

<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>BAIXO (MÍNIMO)</b>	<b>MEDIO</b>	<b>ALTO</b>	<b>Compet básicas</b>
Empregar un vocabulario axeitado para describir percepcións e coñecementos musicais	Completa cuestionarios pechados cos termos musicais básicos.	Redacta textos sobre aspectos musicais co vocabulario básico necesario.	Valora a importancia de ampliar o vocabulario musical como recurso cultural e expresivo.	CCL CCEC
Comunica	Elabora pequenos textos	Explica oralmente ou	Explica ou redacta textos	

coñecementos, xuízos e opinións musicais de forma oral e escrita con rigor e claridade	con soporte visual sobre aspectos concretos da música como intérpretes ou produtores. Emite xuízos cun vocabulario básico.	con textos curtos coñecementos, opinións ou críticas cunha linguaxe musical suficiente.	sobre coñecementos, percepcións ou guizos críticos cun vocabulario musical extenso e conciso.	CCL CCEC
--	--	---	---	-------------

**Criterio de avaliación:**

*Amosar interese e actitude crítica pola música actual, os musicais, os concertos en directo e as novas propostas musicais, valorando os elementos creativos e innovadores destes*

<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>BAIXO (MÍNIMO)</b>	<b>MEDIO</b>	<b>ALTO</b>	<b>Compet básicas</b>
Utiliza diversas fontes de información para indagar sobre as novas tendencias, representantes, grupo de música popular, etc., e realiza unha revisión crítica de ditas producións	Busca información en internet sobre aspectos concretos que dan relevo musical a un interprete, produtor, ou compositor de música para medios audiovisuais.	Busca e analiza críticas musicais sobre concertos ou novas producións dos ámbitos da música actual.	Analiza e compara críticas e producións musicais actuais e emite hipóteses sobre o futuro da súa traxectoria. Elabora textos reflexivos e ben argumentados.	CCEC CSIEE CAA
Interésase por ampliar e diversificar as preferencias musicais propias	Amosa unha actitude tolerante e aberta para interpretar e escoitar obras de estilos diferentes do gusto propio.	Amosa interese na presentación en clase de música actual diferente dos seus gustos e preferencias. Respecta os gustos distintos do propio.	Amosa interese e busca información de xeito autónomo sobre as obras que se presentan na aula ou que suxiren os compañeiros.	CCEC CSIEE CAA

**4.- BLOQUE MÚSICA E TECNOLOXÍA**

**Criterio de avaliación:**

*Valerse con autonomía dos recursos tecnolóxicos dispoñibles demostrando un coñecemento básico das técnicas e os procedementos necesarios para gravar, reproducir, crear, interpretar música e realizar sinxelas producións musicais*

<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>BAIXO (MÍNIMO)</b>	<b>MEDIO</b>	<b>ALTO</b>	<b>Compet básicas</b>
Coñece algunhas das posibilidades que ofrecen as tecnoloxías e emprégaas como ferramenta para a actividade musical	Sérvese de soportes dixitais para escoitar música. Coñece un programa básico de edición musical e emprega as ferramentas básicas para editar música de forma creativa. Coñece un programa de edición de partituras e usa as ferramentas básicas para escribir e compoñer música. Coñece algunha aplicación para móbil relacionada coas	Utiliza con destreza soportes dixitais para escoitar música. Coñece un programa básico de edición musical e emprega as ferramentas un pouco máis complexas para editar música de xeito creativo. Coñece un programa de edición de partituras e usa as ferramentas máis complexas para escribir e compor música. Coñece algunha	Está inmerso no coñecemento e uso das novas tecnoloxías aplicadas ao son. Coñece programas de edición musical e de produción de música en directo. Emprega con facilidade as ferramentas dalgún programa de edición de partituras. Elabora producións propias coas ferramentas dixitais e acústicas.	CD

	tecnoloxías do son	aplicación para móbil relacionada coas tecnoloxías do son		
Participa en todos os aspectos da produción musical demostrando o uso axeitado dos materiais relacionados, os métodos e as tecnoloxías.	Edita música por petición do profesor. É un pouco destro no uso das tecnoloxías relacionadas co son.	Edita e produce música con certo desenvolvemento e con iniciativa.	É autónomo/a e creativo/a. Coñece as ferramentas tecnolóxicas e as súas posibilidades. Emprégaas para crear produtos musicais reflexionados e creativos.	CD CMCCT

### **Criterio de avaliación:**

*Utilizar de xeito funcional os recursos informáticos dispoñibles para a aprendizaxe e indagación do feito musical*

<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>BAIXO (MÍNIMO)</b>	<b>MEDIO</b>	<b>ALTO</b>	<b>Compet básicas</b>
Emprega con autonomía as fontes e os procedementos apropiados para elaborar traballos sobre temas relacionados co feito musical	É pouco autónomo/a para o uso das fontes para elaborar traballos, pero acompañado/a traballa ben.	É semiautónomo/a e elabora traballos sinxelos. Utiliza fontes e ten integrados os procedementos básicos.	É moi autónomo e produce información sobre o feito musical. Sabe discriminar e dar prioridade ás fontes de información, e ten os procedementos integrados. Produce información musical con goce.	CD CSIEE

## **TEMPORALIZACIÓN:**

O desenvolvemento do curso está estruturado en tres trimestres que corresponden con tres avaliacións.

Este é o primeiro curso no que a avaliación extraordinaria non se realizará en setembro senón a finais de xuño.

Todas as datas de avaliación serán antes con respecto a cursos anteriores.

Estimación das datas de avaliación:

- Avaliación inicial: 28 e 29 de setembro.
- 1ª avaliación: 5 e 6 de decembro.
- 2ª avaliación: 13 e 14 de marzo.
- 3ª avaliación: 5 e 6 de xuño.
- Avaliación extraordinaria: 26 de xuño.

A programación da área, dentro de cada avaliación ou trimestre, articularase a través de Unidades Didácticas homoxéneas, que engloben contidos afíns e en grao crecente de dificultade. O número de horas lectivas dedicada a cada unidade é orientativo, dada a dificultade que entraña o seguimento estrito debido á diversidade de coñecementos previos, capacidades e intereses dos alumnos.

Cabe destacar que o curso de 2º ESO acaba convertíndose nun nivel no que a meirande parte do alumnado ten que recapitular ou recordar o aprendido durante a educación

primaria tras un curso completo (1º ESO) no que non recibiron formación musical ninguna (salvo aqueles alumnos/as que cursaron a materia "Obradoiro de música" dunha hora á semana)

Ao ano en branco en canto a formación académica musical dentro do sistema educativo ordinario se refire hai que engadir que o afondamento acadado polos alumnos na etapa de primaria é moi variable. Por todo elo, a flexibilización da temporalización dos contidos tanto recapitularios da etapa anterior como os novos que se lle irán ofrecendo ás/aos alumnas/os é de vital importancia para que os grupos avancen homoxéneamente na súa formación.

Non obstante, en termos xerais:

- O primeiro trimestre está enteiramente adicado á cuestións de linguaxe e lecto-escritura musical centradas no ritmo, ditados, interpretación cos instrumentos de percusión (de altura determinada e indeterminada) e a asimilación dos conceptos de pulso, compás, medida das figuras, patróns rítmicos... Traballaremos a percusión corporal, realizaremos danzas, interpretaremos cancións e escoitaremos audicións de distintas épocas musicais. Incluiremos contidos teóricos referidos ao son, a clasificación dos instrumentos e a familia dos instrumentos de corda (fretada, pulsada e percutida)
- No segundo trimestre aumentaremos a complexidade na interpretación das obras. Introduciremos todos os elementos de linguaxe musical vencellados ao compoñente melódico, dinámico, estrutural-formal. Tamén insistimos nas dinámicas de ensaio, respecto pola escoita, respecto polos compañeiros e as dificultades que poidan atopar á hora de interpretar música. Seguiremos co estudo das familias de instrumentos (aerófonos), a colocación dos instrumentos na orquestra e a clasificación das voces.
- Durante o terceiro trimestre os alumnos/as prepararán pezas cunha orquestración máis variada que incluírá instrumental de percusión de altura determinada (láminas, frautas e ukeleles), podendo incorporar incluso instrumentos profesionais de alumnos que o aporten xa que algúns deles posúen formación académica musical allea ao instituto (escolas, bandas de música, conservatorio, académias particulares, etc...). Asimesmo, recórrese ao uso do piano e doutros instrumentos da nosa aula. A preparación destas pezas redundará na asimilación de todos os compoñentes de linguaxe musical citados anteriormente así como de disciplina de ensaio, e ademáis servirá para a introducción de conceptos harmónicos e texturais. Estudaremos os instrumentos de percusión (membranófonos e idiófonos), as alteracións e analizaremos partituras.

## **-MÚSICA 4º ESO:**

### **-CONTIDOS**

#### **Bloque 1. Interpretación e creación**

- Práctica e aplicación de habilidades técnicas en grao crecente de complexidade e concertación coas outras partes do conxunto na interpretación vocal e instrumental, e no movemento e a danza.
- Interpretación de pezas vocais e instrumentais aprendidas de oído e/ou mediante a lectura de partituras con diversos tipos de notación.
- Planificación, ensaio, interpretación, dirección e avaliación de espectáculos musicais na aula e noutros espazos e contextos.
- Perseveranza na práctica de habilidades técnicas que permitan mellorar a interpretación individual e en grupo, e a creación musical.
- Utilización de técnicas, recursos e procedementos compositivos na improvisación, na elaboración de arranxos e na creación de pezas musicais.
- Ámbitos profesionais da música. Identificación e descrición das facetas e as especialidades no traballo dos/das músicos/as.
- Interese por coñecer as posibilidades que ofrece a música nos ámbitos persoal e profesional.

#### **Bloque 2. escoita**

- Audición, recoñecemento, análise e comparación de músicas de diferentes xéneros, estilos e culturas.
- A crítica como medio de información e valoración do feito musical. Análise de críticas musicais e uso dun vocabulario apropiado para a elaboración de críticas orais e escritas sobre a música escoitada.
- Rigor na utilización dun vocabulario adecuado para describir a música.
- Utilización de diversas fontes de información para obter referencias sobre músicas de diferentes épocas e culturas, incluídas as actuais, e sobre a oferta de concertos e outras manifestacións musicais, tanto en vivo como divulgadas a través dos medios de comunicación.
- Edición, comercialización e difusión da música. Novas modalidades de distribución da música e as súas consecuencias para os/as profesionais da música e a industria musical.
- A música nos medios de comunicación. Factores que inflúen nas preferencias e nas modas musicais.
- Interese, respecto e curiosidade pola diversidade de propostas musicais, así como polos gustos musicais doutras persoas.

### **Bloque 3. Contextos musicais e culturais**

- Recoñecemento e localización nas coordenadas espazo-temporais das manifestacións musicais máis significativas do patrimonio musical español e galego.
- Pluralidade de estilos na música actual: características culturais, artísticas e formais.
- Manifestacións musicais doutras culturas.
- A música ao servizo doutras linguaxes: corporal, teatral, cinematográfica, radiofónica ou publicitaria.
- Análise da música empregada en diferentes tipos de espectáculos e producións audiovisuais.
- Utilización de diversas fontes de información para indagar sobre música popular urbana.
- O son e a música nos medios audiovisuais e nas tecnoloxías da información e da comunicación. Valoración dos recursos tecnolóxicos como instrumentos para o coñecemento da música e a satisfacción con ela.
- Sensibilización e actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música e a contaminación sonora.

### **Bloque 4. Música e tecnoloxías**

- Papel das tecnoloxías na música. Reflexión sobre a repercusión que na música tivo a posibilidade de gravar o son e a aparición dos computadores.
- Transformación de valores, hábitos, consumo e gusto musical como consecuencia dos avances tecnolóxicos das últimas décadas.
- Utilización de dispositivos electrónicos, recursos de internet e software musical de distintas características para o adestramento auditivo e a escoita, a interpretación e a creación musical.
- Aplicación de técnicas de gravación analóxica e dixital para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais.
- Análise das funcións da música en producións audiovisuais: publicidade, televisión, cine, videoxogos, etc.
- Sonorización de imaxes fixas e en movemento seleccionando fragmentos musicais axeitados.
- Valoración crítica da utilización dos medios audiovisuais e as tecnoloxías da información e da comunicación como recursos para a creación, a interpretación, o rexistro e a difusión de producións sonoras e audiovisuais.

## **- Concreción de estándares de aprendizaxe e criterios para a súa avaliación**

### **Bloque 1. Interpretación e creación**

- Ensañar e interpretar, en pequeno grupo, unha peza vocal ou instrumental, ou unha

coreografía, aprendidas de memoria a través da audición ou da observación de gravacións de audio e vídeo, ou mediante a lectura de partituras e outros recursos gráficos.

-Aplica as habilidades técnicas necesarias nas actividades de interpretación, colabora co grupo e respecta as regras fixadas para lograr un resultado acorde coas súas propias posibilidades.

-Le partituras como apoio á interpretación.

-Coñece e cumpre as normas establecidas para realizar as actividades da aula.

-Participar activamente nalgunhas das tarefas necesarias para a celebración de actividades musicais no centro docente: planificación, ensaio, interpretación, difusión, etc.

-Interpreta e memoriza un repertorio variado de cancións, pezas instrumentais e danzas cun nivel de complexidade en aumento.

-Compoñer unha peza musical utilizando diferentes técnicas e recursos.

-Coñece e utiliza axeitadamente técnicas, recursos e procedementos compositivos para elaborar arranxos musicais, improvisar e compor música.

-Utiliza con autonomía recursos informáticos ao servizo da creación musical.

-Analizar os procesos básicos de creación, edición e difusión musical, considerando a intervención de distintos/as profesionais.

-Coñece e analiza o proceso seguido en diversas producións musicais (discos, programas de radio e televisión, cine, etc.) e o papel xogado en cada fase do proceso polos/as profesionais que interveñen.

## **Bloque 2. escoita**

-Analizar e describir as principais características de pezas musicais apoiándose na audición e no uso de documentos como partituras, textos ou musicogramas.

-Analiza e comenta as obras musicais propostas, axudándose de diversas fontes documentais.

-Le e analiza partituras como apoio á audición

-Expor de xeito crítico a opinión persoal respecto de distintas músicas e eventos musicais, argumentándoa en relación coa información obtida en diversas fontes: libros, publicidade, programas de concertos, críticas, etc.

-Analiza críticas musicais e utiliza un vocabulario axeitado para a elaboración de críticas orais e escritas sobre a música escoitada.

-Utilizar a terminoloxía axeitada na análise de obras e situacións musicais.

-Utiliza con rigor un vocabulario axeitado para describir a música.

-Recoñecer auditivamente, clasificar, situar no tempo e no espazo, e determinar a época ou a cultura e o estilo das obras musicais escoitadas previamente na aula, amosando apertura e respecto polas novas propostas musicais e interesándose por ampliar as súas preferencias.

-Recoñece e compara os trazos distintivos de obras musicais, e descríbese utilizando unha terminoloxía axeitada.

-Sitúa a obra musical nas coordenadas de espazo e tempo.

-Amosa interese, respecto e curiosidade pola diversidade de propostas musicais, así como polos gustos musicais doutras persoas.

-Distinguir as funcións que cumpre a música na nosa sociedade, atendendo a diversas variables: intención de uso, estrutura formal e medio de difusión utilizado.

-Amosa unha actitude crítica ante o papel dos medios de comunicación na difusión e na promoción da música.

-Explicar algunhas das funcións que cumpre a música na vida das persoas e na sociedade.

-Coñece e explica o papel da música en situacións e contextos diversos: actos da vida cotiá, espectáculos, medios de comunicación, etc.

### **Bloque 3. Contextos musicais e culturais**

-Apreciar a importancia patrimonial da música española e galega, e comprender o valor de conserva-la e transmitila colaborando na recollida, na gravación e na transcrición de pezas.

-Amosa interese por coñecer o patrimonio musical español e galego.

-Coñece as testemuñas máis importantes do patrimonio musical español e galego, e sitúaos no seu contexto histórico e social.

-Coñecer a existencia doutras manifestacións musicais e consideralas como fonte de enriquecemento cultural.

-Analiza a través da audición músicas de distintos lugares do mundo e identifica as súas características fundamentais.

-Recoñece e explica as características básicas da música española e da música popular urbana.



-Realizar exercicios que reflictan a relación da música con outras manifestacións artísticas.

-Elabora traballos de investigación nos que establece sinerxías entre a música e outras manifestacións artísticas.

-Coñecer e analizar as características dos principais grupos e tendencias da música popular urbana.

#### **Bloque 4. Música e tecnoloxías**

-Valorar o papel das tecnoloxías na formación musical.

-Selecciona e utiliza recursos tecnolóxicos para diferentes aplicacións musicais.

-Comprende a transformación de valores, hábitos, consumo e gusto musical como consecuencia dos avances tecnolóxicos.

-Aplicar as técnicas de gravación analóxica e dixital para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais.

-Manexa as técnicas básicas necesarias para a elaboración dun produto audiovisual.

-Sonorizar unha secuencia de imaxes fixas ou en movemento utilizando diferentes recursos informáticos.

-Sabe procurar e seleccionar fragmentos musicais axeitados para sonorizar secuencias de imaxes.

-Sonoriza imaxes fixas e en movemento mediante a selección de músicas preexistentes ou a creación de bandas sonoras orixinais.

-Aplicar técnicas de gravación analóxica e dixital para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outras mensaxes musicais.

-Realiza traballos e exposicións ao resto do grupo sobre a música jazz e a evolución da música popular.

-Utiliza con autonomía as fontes de información e os procedementos apropiados para indagar e elaborar traballos relacionados coa función da música nos medios de comunicación.

-Utiliza os recursos das novas tecnoloxías para expor os contidos de maneira clara.

-Coñecer as posibilidades das tecnoloxías aplicadas á música e utilízalas con autonomía.

- Amosa interese por coñecer as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías como ferramentas para a actividade musical.
- Coñece e consulta fontes de información impresa ou dixital para resolver dúbidas e para avanzar na aprendizaxe autónoma.
- Utiliza a información de xeito crítico, obtena de distintos medios e pode utilizala e transmitila utilizando distintos soportes.

-Sonorización de imaxes fixas e en movemento mediante a selección de músicas preexistentes ou a creación de bandas sonoras orixinais.

-Valoración crítica da utilización dos medios audiovisuais e as tecnoloxías da información e da comunicación como recursos para a creación, a interpretación, o rexistro e a difusión de producións sonoras e audiovisuais

## **-Concreción de estándares de aprendizaxe avaliáveis e grao mínimo para superar a materia**

### **1.- BLOQUE INTERPRETACIÓN E CREACIÓN**

#### ***Criterio de avaliación:***

*Ensañar e interpretar, en pequeno grupo, unha peza vocal ou instrumental, ou unha coreografía.*

<b><i>Estándares de aprendizaxe</i></b>	<b><i>BAIXO (MÍNIMO)</i></b>	<b><i>MEDIO</i></b>	<b><i>ALTO</i></b>	<b><i>Compet básicas</i></b>
Aplica as habilidades técnicas necesarias nas actividades de interpretación, colabora co grupo e respecta as regras fixadas para acadar un resultado acorde coas súas propias posibilidades	Integra lentamente as habilidades técnicas necesitando de guía nos primeiros estadios da aprendizaxe de cada obra.	Aplicase en mellorar as súas habilidades interpretativas, pero o resultado é pouco musical	Interpreta aplicando todas as técnicas e habilidades desenvolvidas. Busca musicalidade na interpretación	CSC CCEC CAA
Le partituras como apoio á interpretación	Segue partituras de audicións, pero non as le. Guíase pola forma da notación rítmica ou da líña melódica	Segue a partitura polo ritmo e pola forma da líña melódica. Pode lela se a notación é simple	Le a partitura da audición i é quen de seguir a das voces internas. Segue partituras complexas de orquestra e de instrumentos harmónicos	CMCT CCEC CAA

#### ***Criterio de avaliación:***

*Participar activamente nalgunhas tarefas necesarias para a celebración de actividades musicais no centro: planificación, ensaio, interpretación, difusión, etc.*

<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>BAIXO (MÍNIMO)</b>	<b>MEDIO</b>	<b>ALTO</b>	<b>Compet básicas</b>
Interpreta e memoriza un repertorio variado de cancións, pezas instrumentais e danzas cun nivel de complexidade en aumento.	Interpreta con dificultade a través da lectura con notación adaptada: semipartituras e partituras de notación sinxela. Canta por imitación ou con partituras moi simples. Danza por imitación e con dificultades de pulsación e para seguir e memorizar as coreografías.	Interpreta con corrección a través da lectura con notación adaptada: semipartituras e partituras de notación sinxela. Canta por imitación ou con partituras moi simples. Danza por imitación e sen dificultades de pulsación e para seguir e memorizar as coreografías.	Interpreta con corrección e musicalidade a través da lectura. Canta con partituras adaptadas ao nivel. Danza sen dificultades de pulsación e memorizando as coreografías.	CIMF CCEC CAA

**Criterio de avaliación:**

*Compoñer unha peza musical a partir de diferentes técnicas e recursos.*

<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>BAIXO (MÍNIMO)</b>	<b>MEDIO</b>	<b>ALTO</b>	<b>Compet básicas</b>
Coñece e usa axeitadamente distintas técnicas, recursos e procedementos competitivos para elaborar arranxos musical, improvisar e compor música	Improvisa e compón coa axuda do grupo. É quen de intentar compor e realizar arranxos, pero cánsase pronto. Necesita apoio do grupo.	Improvisa e compón en grupo e individualmente aportando ideas pouco musicais. Trata de compor e realizar arranxos autónomamente mellorando as súas posibilidades	Improvisa, compón e realiza arranxos con musicalidade seguindo a pulsación, a coherencia e as estruturas.	CMCCT CAA
Utiliza con autonomía recursos informáticos ao servizo da creación musical.	Coñece un programa básico de edición musical e emprega as ferramentas básicas para editar música de forma creativa. Coñece un programa de edición de partituras e usa as ferramentas básicas para escribir e compor música. Coñece algunha aplicación para móvil vencellada coas tecnoloxías do son.	Coñece un programa básico de edición musical e emprega as ferramentas un pouco máis complexas para editar música de forma creativa. Coñece un programa de edición de partituras e usa as ferramentas máis complexas para escribir e compor música. Coñece algunha aplicación para móvil relacionada coas tecnoloxías del son	Coñece programas de edición musical e de produción de música en directo. Emprega con facilidade as ferramentas dalgun programa de edición de partituras. Elabora producións propias coas ferramentas dixitais e acústicas.	CD

**Criterio de avaliación:**

*Analizar os procesos básicos de creación, edición e difusión musical considerando a intervención de distintos profesionais.*

<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>BAIXO (MÍNIMO)</b>	<b>MEDIO</b>	<b>ALTO</b>	<b>Compet básicas</b>
Coñece o proceso	Busca información sobre	Busca e analiza críticas	Analiza e compara	

seguido en distintas producións musicais (discos, programas de radio e televisión, cine, etc.) e o papel desempeñado en cada fase do proceso polos profesionais que interveñen nela.	aspectos diversos referidos á produción musical (discográfica e dedicada a medios de comunicación e cine).	musicais sobre producións musicais discográficas ou dedicadas a distintos medios de comunicación e creacións audiovisuais.	críticas e producións musicais discográficas ou dedicadas a distintos medios de comunicación e creacións audiovisuais emitindo hipóteses sobre o futuro da súa traxectoria. Elabora textos reflexivos e ben argumentados.	CCL CCEC CAA
--	--	--	---	--------------------

## 2.- BLOQUE ESCOITA

### **Criterio de avaliación:**

*Analizar e describir as principais características de pezas musicais apoiándose na audición e no uso de documentos como partituras textos ou musicogramas*

<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>BAIXO (MÍNIMO)</b>	<b>MEDIO</b>	<b>ALTO</b>	<b>Compet básicas</b>
Analiza e comenta as obras musicais propostas axudándose de diversas fontes.	Relaciona os períodos da música coas súas características técnicas máis definitorias e determinantes. Amosa interese polo atractivo musical, o seu impacto emocional e sensorial. Valora pouco o feito da evolución musical. Recoñece e sitúa as composicións máis arquetípicas de cada época e lugar. Necesita guía para recoñecer os elementos da música e do contexto. Necesita guía para seguir o modelo de análise. Sabe contestar preguntas sobre conceptos musicais, pero non os extrapola para poder elaborar unha crítica musical.	Coñece as características musicais das diferentes épocas e culturas e pode explicalas. Amosa interese por recoñecer a música de os diferentes períodos, pero fáltanlle moitas referencias históricas que lle axuden a identificalos. Interésase pola música doutras culturas. Coñece elementos que o guían para recoñecer as composicións dun período ou dun lugar. Recoñece autonomamente os elementos da música que están presentes nun modelo de análise. Cunha guía como modelo pode analizar unha obra musical. Pode elaborar un escrito razoado coa terminoloxía musical.	Valora o uso dos elementos da música en cada período, os compara e chega a conclusións argumentadas e reflexionadas. Amosa moito interese por coñecer músicas dos distintos períodos históricos e culturas diversas. Isto permítelle relacionar os coñecementos adquiridos e abrir as súas posibilidades de pracer pola música en xeral. Ten moi claros os elementos de análise e de contexto histórico que lle permiten situar cada obra. Tamén sitúa a música nos lugares xeográficos de cada cultura. Sabe priorizar os elementos da música máis relevantes para a súa análise. Ten os elementos de análise interiorizados para poder describir unha obra con elementos musicais. Comunica coñecementos musicais empregando a	CCEC CSIEE CAA

			terminoloxía axeitada e coa reflexión que lle permite emitir xuízos.	
Le partituras como apoio á audición.	Segue partituras de audicións, pero non as le. Se guía pola forma da notación rítmica ou da líña melódica.	Segue a partitura polo ritmo e pola forma da líña melódica. Pódeala ler se a notación é simple.	Le a partitura da audición e é quen de seguir a das voces internas. Segue partituras complexas de orquestra e de instrumentos harmónicos.	

**Criterio de avaliación:**

*Expoñer de xeito crítico a opinión persoal respecto a distintas músicas e eventos musicais, argumentándoa en relación coa información obtida en distintas fontes: libros, publicidade, programas de concertos, críticas, etc.*

<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>BAIXO (MÍNIMO)</b>	<b>MEDIO</b>	<b>ALTO</b>	<b>Compet básicas</b>
Analiza críticas musicais e emprega un vocabulario axeitado para a elaboración de críticas orais e escritas sobre a música escoitada	Necesita guía para seguir o modelo de análise. Completa cuestionarios pechados cos termos musicais básicos. Elabora pequenos textos con soporte visual sobre aspectos concretos da música como intérpretes ou produtores. Emite xuízos cun vocabulario básico. Relaciona os períodos da música coas súas características técnicas máis definitorias e determinantes. Sabe contestar preguntas sobre conceptos musicais, pero non os extrapola para poder elaborar unha crítica musical. Busca información en internet sobre aspectos concretos que dan relevo musical a un interprete, produtor, ou compositor de música para medios audiovisuais. Amosa unha actitude tolerante e aberta para interpretar e escoitar obras de estilos diferentes do gusto propio.	Cunha guía como modelo pode analizar unha obra musical. Pode elaborar un escrito razoado coa terminoloxía musical. Redacta textos sobre aspectos musicais co vocabulario básico necesario. Explica oralmente ou con textos curtos coñecementos, opinións ou críticas cunha linguaxe musical suficiente. Busca e analiza críticas musicais sobre concertos ou novas producións dos eidos da música actual. Amosa interese na presentación en clase de música actual diferente dos seus gustos e preferencias. Respecta os gustos distintos do propio.	Sabe priorizar os elementos da música máis relevantes para a súa análise. Ten os elementos de análise interiorizados para poder describir unha obra con elementos musicais. Comunica coñecementos musicais empregando a terminoloxía axeitada e coa reflexión que lle permite emitir xuízos. Valora a importancia de ampliar o vocabulario musical como recurso cultural e expresivo. Explica ou redacta textos sobre coñecementos, percepcións ou xuízos críticos cun vocabulario musical extenso e conciso. Analiza e compara críticas e producións musicais actuais i emite hipóteses sobre o futuro da súa traxectoria. Elabora textos reflexivos e ben argumentados. Amosa interese e busca información de xeito autónomo sobre as obras que se presentan na aula ou que suxiren os compañeiros.	CCL CAA CSIEE

**Criterio de avaliación:**

*Utilizar a terminoloxía axeitada na análise de obras e situacións musicais.*

<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>BAIXO (MÍNIMO)</b>	<b>MEDIO</b>	<b>ALTO</b>	<b>Compet básicas</b>
Usa con rigor un vocabulario axeitado para describir a música.	Emite xuízos cun vocabulario básico. Sabe contestar preguntas sobre conceptos musicais, pero non os extrapola para poder elaborar unha crítica musical.	Pode elaborar un escrito razoado coa terminoloxía musical. Redacta textos sobre aspectos musicais co vocabulario básico necesario. Pode elaborar un escrito razoado coa terminoloxía musical.	Comunica coñecementos musicais empregando a terminoloxía axeitada e coa reflexión que lle permite emitir xuízos. Explica ou redacta textos sobre coñecementos, percepcións ou xuízos críticos cun vocabulario musical extenso e conciso.	CCL CCEC CSIEE

**Criterio de avaliación:**

*Recoñecer auditivamente, clasifica, situar no tempo e no espazo e determinar a época ou cultura e estilo das obras musicais escoitadas previamente na aula, amosando apertura e respecto polas novas propostas musicais e interesándose por ampliar as súas preferencias*

<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>BAIXO (MÍNIMO)</b>	<b>MEDIO</b>	<b>ALTO</b>	<b>Compet básicas</b>
Recoñece e compara os trazos distintivos de obras musicais e describeos mediante unha terminoloxía axeitada.	A través da interpretación e da audición familiarízase coa música histórica. Apréciaa sensorialmente. Coñece a sucesión dos períodos e as características musicais máis relevantes.	A través da interpretación e da audición familiarízase coa música histórica. Aprecia sensorialmente e aprecia escoitar as composicións máis emblemáticas como enriquecemento cultural. Coñece os usos dos elementos da música en cada período e utilízaos para distinguilos nas audicións.	Amosa pracer sensorial ao escoitar a beleza da música independentemente do período histórico no que foi composta e valora racionalmente o enriquecemento cultural que supón. Relaciona a arte da música coas artes plásticas e escénicas. Distingue a música dos períodos pola análise dos elementos da música e distíngueos e relaciona nunha audición.	CCEC CMCCT CAA
Sitúa a obra musical nas coordenadas de espazo e tempo.	A través da interpretación e da audición familiarízase coa música histórica. Apréciaa sensorialmente. Relaciona os períodos da música coas súas características técnicas máis definitorias e determinantes. Coñece os feitos clave de cada período histórico, as	A través da interpretación e da audición familiarízase coa música histórica. Apréciaa sensorialmente e aprecia escoitar as composicións máis emblemáticas como enriquecemento cultural. Coñece as características musicais das diferentes épocas e culturas e pode explicalas.	Amosa pracer sensorial ao escoitar a beleza da música independentemente do período histórico no que foi composta e valora racionalmente o enriquecemento cultural que supón. Relaciona a arte da música coas artes plásticas e escénicas. Valora o uso dos elementos da música en	

	características da sociedade e os avances da sociedade e os avances tecnolóxicos relacionados coa música. Examina a relación entre eles de xeito guiado.	Coñece os feitos clave de cada período histórico e os avances tecnolóxicos relacionados coa música. Examínaos autonomamente e relaciónaos coa sociedade da época.	cada período, os compara e chega a conclusións argumentadas e reflexionadas. Relaciona todos os coñecementos adquiridos para comprender e explicar a estreita relación entre a historia asociada á evolución da tecnoloxía e a presenza, usos e funcións da música nunha determinada sociedade.	CCEC CAA
Amosa interese, respecto e curiosidade pola diversidade de propostas musicais, así como polos gustos musicais doutras persoas	A través da interpretación e da audición familiarízase coa música histórica. Aprécia sensorialmente. Busca información en internet sobre aspectos concretos que dan releve musical a un interprete, produtor, ou compositor de música para medios audiovisuais. Amosa unha actitude tolerante e aberta para interpretar e escoitar obras de estilos diferentes do gusto propio.	A través da interpretación e da audición familiarízase coa música histórica. Aprécia sensorialmente e aprecia escoitar as composicións máis emblemáticas como enriquecemento cultural. Busca e analiza críticas musicais sobre concertos ou novas producións dos ámbitos da música actual. Amosa interese na presentación en clase de música actual diferente dos seus gustos e preferencias. Respecta os gustos distintos do propio.	Amosa pracer sensorial ao escoitar a beleza da música independentemente do período histórico no que foi composta e valora racionalmente o enriquecemento cultural que supón. Analiza e compara críticas e producións musicais actuais i emite hipóteses sobre o futuro da súa traxectoria. Elabora textos reflexivos e ben argumentados. Amosa interese e busca información de xeito autónomo sobre as obras que se presentan na aula ou que suxiren os compañeiros.	CCEC CSC CCL

**Criterio de avaliación:**

*Distinguir as funcións que cumpre a música na nosa sociedade, atendendo a diversas variables: intención de uso, estrutura formal, medio de difusión utilizado.*

<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>BAIXO (MÍNIMO)</b>	<b>MEDIO</b>	<b>ALTO</b>	<b>Compet básicas</b>
Amosa unha actitude crítica ante o papel dos medios de comunicación na difusión e promoción da música.	É consciente da importancia dos medios de comunicación na difusión e promoción da música, pero coñece e consume maioritariamente música de tendencias masivas.	Recoñece a importancia dos medios de comunicación na difusión e promoción da música. Amosa unha actitude crítica coa mediatización dos gustos e consumos masivos de música a través dos medios de comunicación e promoción, pero non acaba de encontrar autonomamente medios	Valora o poder de influencia da mediatización dos gustos e consumos masivos de música a través dos medios de comunicación e promoción i é quen de encontrar autonomamente medios alternativos para descubrir novas opcións de goce musical.	CSIEE CSC

		alternativos para descubrir novas opcións de goce musical.		
--	--	--	--	--

**Criterio de avaliación:**

*Explicar algunhas das funcións que cumpre a música na vida das persoas e na sociedade.*

<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>BAIXO (MÍNIMO)</b>	<b>MEDIO</b>	<b>ALTO</b>	<b>Compet básicas</b>
Cofece o papel da música en situacións e contextos diversos: actos da vida cotiá, espectáculos, medios de comunicación, etc.	Distingue a música funcional da música composta só para o pracer artístico sensorial. É consciente da importancia da música para o ser humano, pero só considerando a súa propia experiencia. Cústalle ser crítico co consumo abusivo.	Explica o poder da música para influír nas emocións e o seu uso na sociedade. Recoñece a importancia da música e como impacta nas emocións. Aмосa unha actitude crítica co consumo da música, pero en casos de extremo abuso.	Compara varios usos da música e as funcións que desempeñan. Comprende a necesidade da música de circunstancia e relacióna coas necesidades do poder de cada momento histórico. Valora o poder de influencia da música no ser humano ao longo da historia e é sensible ao seu uso indiscriminado como contraproducente para os sentidos e para a saúde mental.	CCEC CSC

**3.- BLOQUE CONTEXTOS MUSICAIS E CULTURAI**

**Criterio de avaliación:**

*Apreciar a importancia patrimonial da música española e comprender o valor de conserva-la e transmitila.*

<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>BAIXO (MÍNIMO)</b>	<b>MEDIO</b>	<b>ALTO</b>	<b>Compet básicas</b>
Amosa interese por cofecer o patrimonio musical español.	Busca información sobre músicos e repertorio do patrimonio musical español.	Busca e analiza críticas musicais sobre músicos e repertorio do patrimonio musical español.	Analiza e compara críticas e producións musicais do repertorio e patrimonio español. Elabora textos reflexivos e ben argumentados ao respecto.	CCEC CCL
Cofece os testemuñas máis importantes do patrimonio musical español e sitúaos no seu contexto histórico e social.	Cofece os compositores españois máis relevantes.	Relaciona os compositores españois máis relevantes coa súa música e coas características da sociedade do seu momento.	Cofece e compara a traxectoria dos compositores españois máis relevantes coas tendencias musicais europeas.	CCEC

**Criterio de avaliación:**

*Cofecer a existencia doutras manifestacións musicais e consideralas como fonte de enriquecemento cultural*



<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>BAIXO (MÍNIMO)</b>	<b>MEDIO</b>	<b>ALTO</b>	<b>Compet básicas</b>
Analiza a través da audición músicas de distintos lugares do mundo, e identifica as súas características fundamentais.	Amosa unha actitude tolerante e aberta para interpretar e escoitar obras de estilos diferentes do gusto propio. Busca información con guía sobre músicas de distintos lugares do mundo.	Amosa interese na presentación en clase de música diferente dos seus gustos e preferencias. Respecta os gustos distintos do propio.	Amosa interese e busca información de xeito autónomo sobre as obras que se presentan na aula ou que suxiren os compañeiros.	CCEC CSC
Recoñece as características básicas da música española e da música popular urbana.	Coñece os compositores españois máis relevantes e de música popular urbana. Coñece a sucesión dos períodos e as características musicais de música española e música popular urbana máis relevantes.	Relaciona os compositores españois máis relevantes coa súa música e coas características da sociedade do seu momento así como da música de popular urbana. Coñece os usos dos elementos da música en cada período tanto da música española como da música popular urbana e utilízalos para distinguilos nas audicións.	Coñece e compara a traxectoria dos compositores españois máis relevantes coas tendencias musicais europeas. Distingue a música dos períodos pola análise dos elementos da música e distíngueos e relaciona nunha audición tanto para a música española como a música popular urbana.	CCEC

**Criterio de avaliación:**

*Relacionar a música con outras manifestacións artísticas.*

<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>BAIXO (MÍNIMO)</b>	<b>MEDIO</b>	<b>ALTO</b>	<b>Compet básicas</b>
Elaborar traballos nos que establece sinerxias entre a música e outras manifestacións artísticas.	Contesta cuestionarios sobre períodos históricos relacionando música e outras manifestacións artísticas. Coñece que aspectos da música están relacionados con outras manifestacións artísticas.	Explica as características musicais dos diferentes períodos coa linguaxe apropiada. Relaciona os coñecementos de distintas disciplinas artísticas cos contidos musicais.	Compara as características musicais dos distintos períodos relacionándoos con outras manifestacións artísticas. Explica os aspectos da evolución das artes, a ciencia e a tecnoloxía relacionados coa música.	CCEC

**Criterio de avaliación:**

*Coñecer os principais grupos e tendencias da música popular actual*

<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>BAIXO (MÍNIMO)</b>	<b>MEDIO</b>	<b>ALTO</b>	<b>Compet básicas</b>
Realiza traballos e	Amosa unha actitude tolerante e aberta para interpretar e escoitar	Amosa interese na presentación en clase de música diferente dos	Amosa interese e busca información de xeito autónomo sobre os	

exposicións o resto do grupo sobre a evolución da música popular.	obras de estilos diferentes do gusto propio. Busca información con guía sobre distintos estilos de música popular urbana	seus gustos e preferencias. Respecta os gustos distintos do propio	estilos que se presentan na aula o que suxiren os compañeiros.	CCEC CAA
Válese dos recursos das novas tecnoloxías para explicar os contidos de xeito claro.	É pouco autónomo para o uso das fontes para elaborar traballos valéndose de novas tecnoloxías, pero acompañado traballa ben.	É semiautónomo/a e elabora traballos sinxelos valéndose de novas tecnoloxías. Emprega fontes e ten integrados os procedementos básicos.	É moi autónomo e produce información sobre o feito musical. Sabe discriminar e dar prioridade ás fontes de información, e ten os procedementos integrados. Produce i expón información musical valéndose de novas tecnoloxías.	CCEC CD

#### 4.- BLOQUE CONTEXTOS MUSICAIS E CULTURAIS

##### **Criterio de avaliación:**

*Valorar o papel das tecnoloxías na formación musical*

<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>BAIXO (MÍNIMO)</b>	<b>MEDIO</b>	<b>ALTO</b>	<b>Compet básicas</b>
Selecciona recursos tecnolóxicos para diferentes aplicacións musicais.	É pouco autónomo/a na indagación ou descubrimento de recursos tecnolóxicos (software, bibliotecas de samplers) pero guiado ou acompañado traballa eficientemente.	É semiautónomo/a na indagación ou descubrimento de recursos tecnolóxicos (software, bibliotecas de samplers) podendo realizar con eles traballos aplicando novas tecnoloxías. Utiliza fontes e ten integrados os procedementos básicos.	É moi autónomo/a descubrindo e manexando recursos tecnolóxicos (software, bibliotecas de samplers). Produce e expón información musical así como traballos e tarefas concretas valéndose de novas tecnoloxías.	CD CAA CSIE
Comprende a transformación de valores, hábitos, consumo e gusto musical como consecuencia dos avances tecnolóxicos.	Elabora pequenos textos sobre a transformación dos valores, hábitos, e consumo musical como consecuencia dos avances tecnolóxicos. Emite xuízos cun vocabulario básico.	Explica oralmente ou con textos curtos coñecementos, opinións ou críticas sobre a transformación dos valores, hábitos, consumo e gusto musical como consecuencia dos avances tecnolóxicos cunha linguaxe técnica musical suficiente.	Explica ou redacta textos sobre a transformación de valores, hábitos, consumo e gusto musical como consecuencia dos avances tecnolóxicos, percepcións ou xuízos críticos cun vocabulario musical extenso, técnico e conciso.	CCL CSIEE

##### **Criterio de avaliación:**

*Aplicar as técnicas de gravación, analóxica e dixital, para rexistrar as creacións propias, as interpretacións realizadas no contexto da aula e outros mensaxes musicais*

<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>BAIXO (MÍNIMO)</b>	<b>MEDIO</b>	<b>ALTO</b>	<b>Compet básicas</b>
Manexa as técnicas básicas necesarias para a elaboración dun produto audiovisual.	Grava e edita música por petición do profesor. É un pouco destro no uso das tecnoloxías relacionadas coa imaxe e son.	Grava, edita e produce música e obras audiovisuais con certo desenvolvemento e con iniciativa.	Grava, edita e produce de modo autónomo e creativo. Coñece as ferramentas tecnolóxicas e as súas posibilidades. Úsaas para crear produtos audiovisuais reflexionados e creativos.	CD CAA CSIEE

**Criterio de avaliación:**

*Sonorizar unha secuencia de imaxes fixas ou en movemento utilizando recursos informáticos*

<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>BAIXO (MÍNIMO)</b>	<b>MEDIO</b>	<b>ALTO</b>	<b>Compet básicas</b>
Sabe buscar e seleccionar fragmentos musicais axeitados para sonorizar secuencias de imaxes.	É pouco autónomo/a na indagación ou descubrimento de fragmentos musicais para sonorizar imaxes, pero guiado ou acompañado traballa eficientemente.	É semiautónomo/a na indagación ou descubrimento de fragmentos musicais para sonorizar imaxes, podendo realizar con eles traballos aplicando novas tecnoloxías. Utiliza fontes e ten integrados os procedementos básicos.	É moi autónomo/a descubrindo e manexando fragmentos musicais para sonorizar imaxes.	CAA CSIEE CCEC
Sonoriza imaxes fixas e en movemento mediante a selección de músicas preexistentes ou a creación de bandas sonoras orixinais.	Sonoriza imaxes fixas e en movemento por petición do profesor. É un pouco destro no uso das tecnoloxías relacionadas coa imaxe e son.	Sonoriza imaxes fixas e en movemento con certo desenvolvemento e con iniciativa.	Sonoriza imaxes fixas e en movemento de modo autónomo e creativo. Coñece as ferramentas tecnolóxicas e as súas posibilidades. Úsaas para crear produtos audiovisuais reflexionados e creativos.	CAA CSIEE CCEC

**Criterio de avaliación:**

*Caracterizar a función da música nos distintos medios de comunicación: radio, televisión, cine e as súas aplicacións na publicidade, os videoxogos e outras aplicacións tecnolóxicas.*

<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>BAIXO (MÍNIMO)</b>	<b>MEDIO</b>	<b>ALTO</b>	<b>Compet básicas</b>
Sérvese con autonomía das fontes de información e os procedementos axeitados para indagar e elaborar traballos relacionados coa función da música nos medios de comunicación.	É pouco autónomo para o uso das fontes de información para elaborar traballos relacionados coa función da música nos medios de comunicación, pero acompañado traballa ben.	É semiautónomo/a e elabora traballos sinxelos. Utiliza fontes e ten integrados os procedementos básicos.	É moi autónomo e produce información sobre a función da música nos medios de comunicación. Sabe discriminar e dar prioridade ás fontes de información, e ten os procedementos integrados. Produce	CAA CCEC

			información musical con goce.	
--	--	--	-------------------------------	--

**Criterio de evaluación:**

*Coñecer as posibilidades das tecnoloxías aplicadas á música, i empregalas con autonomía*

<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>BAIXO (MÍNIMO)</b>	<b>MEDIO</b>	<b>ALTO</b>	<b>Compet básicas</b>
Amosa interese por coñecer as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías como ferramentas para a actividade musical.	É pouco autónomo/a para o uso das novas tecnoloxías para elaborar traballos propostos, pero acompañado/a traballa ben.	É semiautónomo/a e elabora traballos co uso das novas tecnoloxías sinxelas. Utiliza fontes e ten integrados os procedementos básicos.	É moi autónomo/a no uso das novas tecnoloxías para elaborar os traballos propostos. Sabe discriminar e dar prioridade segundo que ferramentas, e ten os procedementos integrados. Produce con elas información musical con disfrute.	CD
Coñece e consulta fontes de información impresa ou dixital para resolver dúbidas e para avanzar na aprendizaxe autónoma.	É pouco autónomo/a no uso das fontes de información para resolver dúbidas e para avanzar na aprendizaxe autónoma, pero acompañado/a traballa ben.	É semiautónomo/a no uso das fontes de información para resolver dúbidas e para avanzar na aprendizaxe autónoma. Utiliza fontes e ten integrados os procedementos básicos.	É moi autónomo/a no uso das fontes de información para resolver dúbidas e para avanzar na aprendizaxe autónoma. Sabe discriminar e dar prioridade ás fontes de información, e ten os procedementos integrados.	CD CAA
Utiliza a información de xeito crítico, obtena de distintos medios e pode empleala e transmitila a través de distintos soportes.	É pouco crítico/a no uso de información, obtena de pouca variedade de medios, pero acompañado/a traballa ben.	Exerce certa crítica á hora de utilizar información obténda de distintos medios para elaborar traballos sinxelos que pode transmitir en distintos soportes. Ten integrados os procedementos básicos.	É moi crítico no uso de información para elaborar os traballos propostos. Produce con ela traballos musicais en distintos soportes con disfrute.	CD CSIEE
Coñece e cumpre as normas establecidas para realizar as actividades da aula.	Amosa unha actitude de baixa motivación no seguimento das actividades, pero respecta as propostas. É quen de tentar o seguimento das actividades e normas establecidas, pero cénsase pronto. Necesita apoio do grupo. Cústalle respectar aos seus compañeiros	Amosa unha actitude de motivación no seguimento das actividades, respecta as propostas pero non aporta creativamente. Trata de seguir e realizar as actividades propostas autonomamente mellorando as súas posibilidades. Respecta e valora as propostas e actividades dos seus compañeiros.	Amosa unha actitude de alta motivación nos seguimentos das actividades, respecta as propostas e fai aportacións creativas. Recoñece e supera as súas dificultades na realización das actividades, respecta as dos seus compañeiros e axuda a que eles se superen.	CSC CSIEE CAA

## **-TEMPORALIZACIÓN:**

O desenvolvemento do curso está estruturado en tres trimestres que corresponden con tres avaliacións.

A programación da área, dentro de cada avaliación ou trimestre, articularase a través de unidades didácticas, centrados nas novas tecnoloxías, o uso da música nos medios de comunicación e medios audiovisuais, e a orixe e o desenvolvemento da música popular urbana do séc. XX. Ensaiananse diferentes pezas de música popular urbana adaptadas á aula. O número de horas lectivas dedicada a cada unidade é orientativo, dada a dificultade que entraña o seguimento estrito debido á diversidade de coñecementos previos, capacidades e intereses dos alumnos.

Cabe destacar que o curso de 4º ESO pretende afondar en cuestións relacionadas co uso de novas tecnoloxías que lles permitan facer tarefas de sonorización de curtametraxes/imaxes e utilizar programas de edición de partituras (musescore)

A temporalización prevista pretende:

- O primeiro trimestre: a música no cine, na radio e na TV. Novas tecnoloxías. Ensaio de pezas de bandas sonoras adaptadas ao nivel do alumnado. Sonorización de imaxes ou vídeos.
- O segundo trimestre: a orixe e a evolución da música grabada. O patrimonio musical español. Interpretación colectiva de pezas pop e do patrimonio español adaptadas ao nivel do alumnado. Edición de partituras.
- O terceiro trimestre: Percorrido pola historia da música pop. Preparación de pezas pop adaptadas ao nivel dos alumnos/as e selección e preparación das pezas a interpretar nun acto musical de fin de curso.

## **-PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN NA ESO:**

1. Observación das actividades de expresión instrumental, corporal e vocal en grupo e/ou pequenos grupos e a escoita doutros compañeiros con respecto e en silencio.
2. Traballo na aula cunha actitude axeitada e unha participación necesaria para o correcto desenvolvemento das actividades cotiás da clase.
3. O caderno de clase, a súa claridade e boa organización. Non é preciso entregalos, pero farase supervisión deles porque se empregarán coma soportes de información básicos para a realización de certas tarefas.
4. Probas escritas con cuestións que esixan respostas que reflictan o grao de asimilación de coñecementos acadado polos/as alumnos/as, e que lles sirva coma medio de comprender e superar erros no proceso de aprendizaxe e que poidan ser detectados polo profesor.
5. Probas prácticas individuais ou en pequeno grupo nas que cada alumno interprete unha peza completa ou sexa responsable en solitario dunha das partes e toda a clase observe, escoite e poida realizar unha avaliación, aparte da do profesor.
6. Probas prácticas realizadas en grupos pequenos ou grupo de clase, onde se poña de manifesto a capacidade de utilizar os coñecementos adquiridos para a creación e interpretación musical, así como a asimilación das actitudes necesarias para elo en todo o proceso ol traballo.
7. Nos traballos que impliquen o uso de novas tecnoloxías, o gusto polo rigor no remate final e presentación dos proxectos.
8. Nos traballos escritos e tarefas, a entrega puntual será outro factor de avaliación aparte da corrección do mesmo.
9. Intervencións persoais, esforzo, interese.
10. Actitude respectuosa, participativa e colaboradora.
11. Asistencia á clase con todo o material requirido.

## **-METODOLOXÍA NA ESO:**

A/as metodoloxías que se porán en práctica no presente departamento serán:

- A Actividade: un método activo que se caracteriza pola concepción inicial de que as cousas se aprenden facéndoas. A actividade supón a posta en marcha dunha serie complexa de variables, que debido ao talante da nosa área poden ser corporais, intelectuais, espirituais, afectivas, sociais e expresivo-comunicativas.
- A creatividade: mediante a inclusión de actividades (exercicios, traballos, prácticas, investigacións...) que estimulen o pensamento.
- A interdisciplinariedade: en todo momento terase en conta:
  - A posibilidade de aproveitar os numerosos puntos de contacto co currículo das

outras áreas.

- A consideración dos contidos transversais como posible elemento motivador que aúne actividades concretas coma un posible centro de interese.

- Enfoques globalizadores. O enfoque globalizado supón presentar os contidos da ensinanza resaltando as súas relacións con outros contidos doutras áreas e todos vinculados cun tema de interese para o alumno.
- Intervención pedagóxica. Debe ter un carácter o máis individualizado posible, xa que o seu obxectivo é adaptarse ás características persoais de cada alumno/a. Este enfoque metodolóxico debe completarse con orientacións e suxestións do profesor sobre aquelas actividades que máis lle conveñen a cada alumno en determinada situación.
- Socialización. É necesario fomentar certos hábitos, conductas e actitudes que estimulen un verdadeiro espírito de cooperación e colaboración grupal. Facer música xuntos implica coordinación e respecto polos demais membros do grupo. Para afondar neste obxectivo podemos utilizar distintas técnicas de dinámica de grupos.
- Contorno sociocultural. É fundamental ter en conta os recursos didácticos do contorno sociocultural e os recursos ou medios indirectos, como poidan ser os medios audiovisuais. A correcta utilización do medio como recurso didáctico implica por parte do profesor un coñecemento profundo da comunidade e do contorno musical existente.
- Profesorado. O profesor/a é un axente motivador que, empregando estratexias didácticas diversas, consegue espertar o interese e a participación activa do alumno. Entre as estratexias básicas debemos recordar: estimular a participación activa dos alumnos en clase; fomentar o traballo en grupo; evitar as sancións negativas polo fracaso e a falta de recoñecemento persoal polo éxito; procurar que o alumnado interveña na planificación didáctica, por exemplo na súa preparación, opinando sobre a súa realización das actividades que se propoñan; invitar ao alumnado a participar na avaliación da súa aprendizaxe; coidar a forma de presentación da información, non abusando sempre da mesma vía de comunicación; empregar estratexias que fagan revivir nos/nas alumnos/as os coñecementos anteriores para construír sobre eles a aprendizaxe dos novos coñecementos; espertar e desenvolver en todo momento a creatividade nos/nas alumnos/as...

Polas súas características, o método científico ten moita utilidade na nosa área, xa que a interacción teoría-práctica é continua e, dado o nivel de desenvolvemento dos coñecementos do alumnado, precisa enormemente unha base.

A este respecto convén termos en conta que non hai métodos bos ou malos. A elección dependerá da calidade da axuda didáctica que se lle ofrezca a cada alumno en cada momento, en función das súas necesidades e da posibilidade de acadar unha aprendizaxe significativa.

## **-MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS:**

Durante este curso non se utilizarán libros de texto. A profesora proporcionará fotocopias , apuntamentos e poderanse empregar algúns contidos de EDIXGAL.

O alumnado debe levar a clase unha libreta, carpeta ou arquivador para organizar os apuntamentos da clase, unha libreta ou follas de papel pautado e a frauta.

A aula de Música conta con dúas estancias: unha máis grande onde se desenvolverán as clases e outra máis pequena, onde están a maioría dos instrumentos, e que pode ser utilizada para ensaiar en pequenos grupos.

Os recursos e materiais que se utilizarán para o desenvolvemento dos diferentes contidos son os seguintes:

- Ordenador con conexión a internet.
- Proxector.
- Encerado pautado.
- Pizarra dixital.
- Discografía básica que permita traballar as diferentes actividades de audición con obras representativas das diferentes épocas, estilos, culturas e autores.
- Conxunto instrumental Orff (xilófonos, metalófonos, carillóns e instrumentos de pequena percusión)
- Fruitas doce soprano.
- Outros instrumentos da aula: teclados, guitarras e baixos eléctricos, batería, ukeleles, guitarra española.
- Outros: tarxeta de son, autofalantes e micrófonos.
- Como programa editor de partituras empregaremos "Musescore" posto que é libre e de fácil acceso aos estudantes.

## **-CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN:**

Unha vez especificados os criterios de avaliación, o/a alumno/a debe saber que terá que cumprir cunha serie de **requisitos mínimos para poder ser avaliado**:

- 1.- Puntualidade.
- 2.- Asistencia a clase con regularidade e xustificación das posibles faltas.
- 3.- Actitude positiva, respectando ao profesor e aos seus propios compañeiros.
- 4.- Adquisición do material utilizado en clase.
- 5.- Realización diaria dos exercicios teóricos e prácticos propostos.
- 6.- Evolución positiva ao longo do curso e non ter abandonado a materia.

### **Instrumentos de Avaliación:**

- Probas escritas.



- Cadernos onde se gardan os exercicios, contidos teóricos, comentarios de audicións, partituras, fichas entregadas pola profesora ...
- Práctica musical (ritmo, solfexo, interpretacións cos instrumentos da aula...)
- Intervencións persoais, esforzo, interese.
- Actitude respectuosa, participativa e colaboradora.
- Asistencia á clase con todo o material requirido.

### **CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN EN 2º E 4º ESO:**

- Entrega e cualificación de exercicios e traballos (10%)
- Coñecementos de linguaxe, teoría e cultura musical, valorados no exame escrito (40%)
- Exames prácticos (ritmo, solfexo, práctica instrumental e vocal) Neste apartado inclúense as tarefas encomendadas de percusión ou cambio de letra que presentarán en forma de vídeo ou interpretarán na aula (40%)
- Participación, atención no seguimento das clases e comportamento (10%)

A cualificación final dun alumno/a é susceptible de matizacións ou redondeos tendo en conta a súa traxectoria (ascendente ou descendente) de modo acorde sempre coa dirección cara a que se dirixe a súa progresión ou regresión.

É facultativo do profesor poñer unha nota colectiva nos apartados de práctica vocal e instrumental por terse valorado o proxecto no seu conxunto, o cal valerá tamén como indicativo do esforzo e actitude do alumnado como grupo.

**A/o alumna/o non debe deixar sen puntuar ningún dos apartados cualificables. Non debe asimesmo calificar por debaixo do 3 en ningún deles.**

#### **Valoración das *probos escritas*:**

Cualificaranse segundo o baremo que o profesor determine para cada pregunta. De ser posible se comunicará o valor de cada apartado ao alumnado antes do comezo do exercicio.

Na cualificación atenderase a:

- A adecuación das respostas aos enunciados das preguntas
- A exposición das respostas de xeito ordenado e lexible.

#### **Valoración da *práctica vocal e instrumental***

- Interpretación e lectura correcta de alturas e figuras musicais.
- Interpretación correcta do compás rítmico e mantemento do pulso regular.
- Técnica básica de xeito correcto, relaxado e amosando interese.
- Capacidades expresivas e interpretativas.
- Atención e seguimento das indicacións da profesora no ensaio e práctica do

instrumento .

### **Valoración dos traballos de produción propia**

- . Adecuación dos contidos ao traballo encomendado.
- . Exposición do tema de xeito ordenado e lóxico.
- . Corrección caligráfica, ortográfica e sintáctica.
- . Utilización de varias fontes de información e síntese realizada a partir delas.
- . Orixinalidade e utilización de medios para facer a presentación máis atractiva.
- . Facer constar unha conclusión ou parecer propio.
- . Coordinación entre compañeiros cando se trate dun traballo en grupo, tanto no reparto das tarefas como na exposición do mesmo.

### **Valoración do caderno de traballo**

O caderno entregarase sempre que sexa requirido pola profesora. Valorarase:

- . A súa presentación e limpeza.
- . A orde nas actividades tal e como foron realizadas na aula, divididas en unidades didácticas e coas fichas e partituras pegadas correctamente.
- . O nivel de realización das actividades.

### **Cálculo da nota media**

O cálculo da nota media non é resultado unicamente dunha división exacta entre os distintos valores, xa que por un lado é preciso un mínimo de puntuación que permita incluír ese apartado da nota para realizar o cálculo e ademais existe un factor de corrección ou redondeo á alza ou á baixa en virtude da traxectoria ascendente ou descendente das cualificacións ao longo do ano académico que vai condicionar sobre todo a cualificación final do curso. O obxectivo é que o/a alumna regularice o seu esforzo ao longo do curso e sempre demostre unha dedicación e actitude cara a materia que non amose regresión nin perda de interese.

É necesario obter un mínimo de tres puntos en cada un dos bloques específicos para que se faga o cálculo porcentual entre os catro apartados. Tamén terase en conta a evolución positiva ou regresiva das cualificacións do alumno para matizar á alza ou á baixa a nota final do alumnado. Terán especial incidencia na nota aquelas diferencias de cualificación que superen 2 ou máis puntos.

### **Valoración da actitude**

A actitude ten un apartado concreto na cualificación é ademais vai incluída en criterios avaliáveis como :

- asistencia a clase

- puntualidade no horario.
- aportación de material
- coidado e presentación na entrega de traballos/exames
- puntualidade na presentación na data dos traballos
- respecto á disciplina de ensaio cara a profesora e compañeiros/as
- participación en clase
- preocupación por entender ben os contidos impartidos
- gusto polo traballo ben feito
- coidado do material da aula.

## **-INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE:**

Para avaliar o proceso do ensino e práctica docente o departamento pode valerse do cumprimento dos seguintes índices recollidos nas seguintes táboas.

Rexistro para a autoavaliación da profesora: Planificación

<b>PLANIFICACIÓN</b>	
<b>Indicadores</b>	<b>Valoración</b>
1. Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos.	
2. Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o seu desenvolvemento.	
3. Selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos de a programación de aula tendo en conta as particularidades de cada un dos grupos de estudantes.	
4. Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.	
5. Planifica as clases de modo flexible, preparando actividades e recursos axustados á programación de aula e ás necesidades e ós intereses do alumnado.	
6. Establece os criterios, procedementos e os instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe de seus alumnos e alumnas.	
7. Coordínase co profesorado doutros departamentos que poidan ter contidos afíns á súa materia.	

## **-ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES:**

Para aprobar a materia pendente dalgún dos cursos anteriores, o alumnado terá que superar a materia no presente curso.

No caso de non estar matriculado/a en Música deberá asistir nalgúns recreos á aula de música para atender ás explicacións da profesora e realizar diferentes traballos ao longo do curso que entregará nos prazos indicados. Terá algunha proba escrita para demostrar que ten coñecementos básicos en linguaxe musical (nome das notas, figuras e silencios, compases de 2/4, 3/4 e 4/4...)

Se non presenta os traballos requeridos terá que realizar un exame final no mes de maio.

### **-DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL:**

A avaliación inicial é especialmente útil e importante en 2º ESO En todos os niveis analizaranse os hábitos de escoita e gozo de música dos rapaces,: música favorita, formación, fonoteca doméstica, expectativas de formación na materia, etc...

Os alumnos/as farán probas orais que confirmen o nivel académico e de formación do que partimos a inicio de curso.

### **-MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:**

A diversidade do alumnado engloba dende aqueles alumnos/as que son estudantes de música no conservatorio, escolas e academias de música (que poden axudar aportando material, achegando os seus propios instrumentos, facendo melodías complexas e maiores dificultades rítmicas), alumnos/as con dificultades de aprendizaxe, alumnos/as emigrantes, discapacitados e alumnos/as que chegan de distintos centros de procedencia con distinta preparación.

As características peculiares da área de Música permiten certa flexibilidade no proceso de ensino-aprendizaxe para aplicar os distintos niveis de comprensión. O tipo de traballo e actividades musicais para realizar tanto individualmente como en grupo, permiten a repartición por niveis, segundo as aptitudes e a gradación dos coñecementos de cada alumno e alumna. Realízase unha avaliación formativa, partindo da primeira avaliación ou do diagnóstico e da autoavaliación e coavaliación do discente, que axudará a construír as aprendizaxes de xeito individualizado pero motivando ao alumnado no seu traballo e sen que se sinta en ningún momento marxinado. A intención é ofrecer un material que sirva non para todos os alumnos e alumnas, senón para cada un deles.

Algunhas **medidas** que poden favorecer a adaptación son:

- Ofrecer un repertorio variado no que estean presentes distintos estilos de música.
- Ofrecer un espazo para a improvisación onde teñan cabida as intervencións de todos e cada un dos alumnos e alumnas.
- Expor actividades concibidas como reforzo ou ampliación. Nas actividades en grupo a cada alumno asignaráselle a parte da interpretación colectiva que estea máis en consonancia coas súas aptitudes e posibilidades.

Nos casos necesarios darase a posibilidade de facer traballos de ampliación. Tamén pode haber a titoría entre iguais, dando a posibilidade ó alumnado máis avanzado de axudar ós seus compañeiros e compañeiras. Deste xeito poden arraigar máis profundamente o seu propio coñecemento e para a persoa que recibe a titoría abrimos unha nova posibilidade de aprendizaxe.

A profesora ademais estará sempre dispoñible na aula nalgúns recreos ao longo da semana para posibles dúbidas.

## **-CONTRIBUCIÓN DESDE A ÁREA DE MÚSICA AO PLAN LECTOR DO CENTRO:**

Actividades para a consecución do Plan Lector:

- Lectura e comprensión dos textos das fichas de traballo entregadas pola profesora.
- Lectura das cancións interpretadas.
- Traballos de investigación.
- Análise de críticas musicais, diferenciando entre feito e opinión.
- Lecturas recomendadas que teñan como tema principal ou secundario o tema da música. Poden ser lecturas individuais ou colectivas.

## **-TRATAMENTO E FOMENTO DAS TIC NA ÁREA DE MÚSICA:**

A aula de música dispón de ordenador, encerado dixital, conexión a internet e canón de vídeo para a proxección.

A integración das TIC facémola a través das seguintes actividades:

- A rede ofrécenos recursos de procura e elaboración de materiais como apoio ás explicacións da profesora, proxectando páxinas web, imaxes, esquemas, documentos históricos, simulacións, vídeos, música,... Tamén para a elaboración de traballos a petición do profesor.
- Elaboración de traballos de produción propia en formatos dixitais: presentacións,

sonorizacións...

- -Proxección de partituras para ser interpretadas na clase. Permite tamén realizar traballos previos de lectura e revisión de dificultades. A partitura pode ser proxectada en formato pdf, ou ben a través dun editor de partituras (empregaremos o Muscore)
- Exercicios multimedia interactivos. Estes exercicios adoitan ser extraídos da internet.
- Edición de partituras (Muscore)
- Gravación dixital (Audacity)
- Páxina web do departamento: <http://centros.edu.xunta.es/iesribeiradolouro/>

## **-CONCRECIÓN DE ELEMENTOS TRANSVERSAIS:**

A materia de música permítenos estimular o desenvolvemento de valores específicos no alumnado.

En primeiro lugar o respecto ó ben común, dado que continuamente na aula de música utilizaremos os instrumentos de propiedade colectiva que o alumnado terá que coidar para que este se mantéña en condicións de uso para os outros grupos e para grupos de vindeiros cursos (este valor sumaríase ó de coidado do propio material que sen dúbida será traballado en todas as áreas e materias)

Traballaremos os valores que se derivan da interpretación en grupo, que require actitudes construtivas así como de respecto por todos os compañeiros e compañeiras. Este tipo de actividades poden axudar ao alumnado a comprender na práctica os efectos positivos que a colaboración construtiva e o respecto mutuo teñen para a persoa e para o grupo. Complementariamente poden pór en evidencia o efecto destrutivo que se deriva das actitudes que non teñen en conta o ben común reforzando así estes valores. Para fomentar estes aspectos durante as actividades de interpretación musical en grupo o profesorado fará referencia explícita o paralelismo existente entre o funcionamento do individuo no grupo musical co do funcionamento do individuo na sociedade. Ademais na materia de música podemos contribuír ao desenvolvemento do valor de solidariedade. Na maioría dos grupos contamos con algúns alumnos e alumnas que estudan música no conservatorio e/ou en escolas de música. Eles e elas terán a ocasión de axudar ó alumnado con máis dificultades. Este valor tamén se desenvolve ó estimular a inclusión de todo o alumnado nas interpretacións en grupo, independentemente da súa destreza.

Un punto de especial importancia no que se refire ós valores é o do respecto polo gusto das outras persoas. Nestas idades é frecuente a identificación con determinados grupos e estilos musicais para reforzar a propia identidade. Moitas veces esta identificación faise a expensas dunha oposición a outros grupos ou estilos musicais, o que leva a un xuízo e exclusión de persoas polo seu gusto musical (e doutros tipos). Debido a isto nesta materia

temos a importantísima labor de axudar ó alumnado a desenvolver actitudes tolerantes e abertas cara expresións artísticas de todo tipo e ás preferencias de toda persoa. Consideramos especialmente destacable a contribución que esta materia pode facer para desenvolver no alumnado o respecto por manifestacións culturais doutros pobos, dado que estas forman parte da programación e moitas veces son usadas músicas de distintos contextos culturais.

A materia de música pode axudar ao alumnado a auto-coñecerse, a expresarse e valorar a propia expresión, en que medida ocupa o seu lugar no mundo. O uso da propia voz e o corpo pon de manifesto o estado da autoestima e axuda á mellora desta. Tamén contribúe a desenvolver unha saudable relación co corpo, dado que este é o instrumento da voz e da interpretación dos instrumentos.

## **-ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES:**

Durante o presente curso realizaranse unha serie de actividades complementarias e extraescolares, aínda por confirmar, á espera de coñecer a oferta cultural da zona.

O departamento de música fomenta a saída a concertos didácticos que regularmente se veñen ofertando desde distintas institucións ao centro educativo.

Posibles actividades que se realizarán durante este curso son:

- Asistencia a un concerto no Auditorio de Galicia en Santiago de Compostela.
- Visita a Celanova onde o alumnado asistirá a un concerto didáctico de órgano no mosteiro de San Rosendo. Os alumnos e alumnas acompañarán con seus instrumentos á organista.
- Participación no obradoiro de Regueifas organizado polo equipo de Dinamización Lingüística.
- Saída a Madrid no terceiro trimestre para asistir a un Musical.
- Asistencia aos concertos da Real Filharmonía e da Orquestra Sinfónica de Galicia no teatro Afundación en Vigo. Esta iniciativa achega a música clásica ao alumnado da ESO . Unha ou dúas veces ao mes regalan aos centros entradas para asistir a estes concertos que teñen lugar fóra do horario escolar, ás 20:00 horas. O alumnado interesado deberá chegar ao teatro pola súa conta, asistir ao concerto coa súa profesora e ser recollido á saída por un adulto responsable.
- Continúase cos "Recreos musicais" no que os rapaces e rapazas poderán facer uso da aula de música baixo a supervisión da profesora coma un espazo de lecer e diversión, no que poderán practicar, xogar cos instrumentos, preparar pezas, traer o seu instrumento para tocar ou practicar con outros compañeiros/as.

## **-MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROPIAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS E PROCESOS DE MELLORA:**

A programación é un documento dinámico que debe permanecer en constante revisión para garantir a súa vixencia e calidade. É por iso que, a lo menos unha vez por trimestre, tras cada unha das avaliacións trimestrais, e sempre que se considere necesario desde o Departamento, en función da resposta educativa de cada un dos grupos de cada curso no que sexa impartida a materia de Música, iranse sinalando minuciosamente cada aspecto revisable, avaliable e sensible a algunha modificación de cara o seguinte curso.

## **-ANEXO PARA O ENSINO SEMIPRESENCIAL OU VIRTUAL POLA COVID-19:**

### **ENSINO NON PRESENCIAL:**

No caso de que o alumnado teña que permanecer nos seus fogares e recibir unha ensinanza a distancia, debido a un novo confinamento pola pandemia da Covid-19, fariamos uso das tecnoloxías para continuar co proceso de aprendizaxe.

Como vía de comunicación entre a profesora e o alumnado empregaremos o correo electrónico do instituto e Edixgal.

Se o confinamento é moi prolongado impartiranse clases por videoconferencia nas horas lectivas empregando Cisco Webex.

### **METODOLOXÍA E ACTIVIDADES:**

- Clases por videoconferencia para que haxa unha comunicación máis directa entre a profesora e o alumnado. Impartiranse os contidos teóricos incluídos na programación.
- Tarefas de audición: ditados rítmicos e melódicos, recoñecemento auditivo dos instrumentos da orquestra, recoñecemento de obras de diferentes épocas e estilos.
- Tarefas de interpretación: exercicios de ritmo e solfexo, interpretación instrumental (con percusión corporal e con frutas) e vocal.
- Cuestionarios de repaso dos contidos teóricos.
- Actividades de búsqueda en internet.
- Tarefas interactivas de repaso e de autoavaliación.
- Composición grupal dunha canción.

### **MATERIAIS E RECURSOS:**

- Tablet ou ordenador con conexión a internet.
- Libreta de clase.
- Programa editor de partituras: Muscore.
- Software e aplicación de creación de textos e presentacións.
- Software e aplicacións de edición de audio/vídeo (para o alumnado de 4º ESO)
- Aplicacións de dispositivos móbiles.



-Instrumentos musicais ordinarios (fruta), virtuais e improvisados.

#### AVALIACIÓN:

- Recepción de traballos de xeito telemático.
- Asistencia e participación nas clases por videoconferencia.
- Probas teóricas e prácticas de forma individual.

#### Instrumentos de avaliación:

- Vídeo e audios das tarefas.
- Fotografías das tarefas da libreta.
- Presentación dalgún traballo de investigación.
- Participación e boa actitude nas clases virtuais.
- Probas teóricas e prácticas individuais.

#### Criterios de cualificación:

- . Entrega e cualificación de exercicios e traballos (40%)
- . Coñecementos de linguaxe, teoría e cultura musical, valorados no exame escrito (25%)
- . Exames prácticos (ritmo, solfexo, práctica instrumental e vocal) (25%)
- . Participación e atención no seguimento das clases por videoconferencia (10%)

#### INFORMACIÓN E PUBLICIDADE AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS:

- Servicios de mensaxería (Edixgal e correo electrónico)
- Abalar.
- Páxina web do centro e do departamento.

África Álvarez Outerelo  
Xefa do Departamento de Música  
IES Ribeira do Louro